CEIP VIRXE DO PORTAL

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2021-2022

## Índice


1. INTRODUCIÓN .... 2
2. CONTEXTUALIZACIÓN .... 2
3. ASPECTOS XERAIS .... 2
   3.1. Obxectivos .... 2
   3.2. Competencias .... 4
   3.3. Contidos .... 4
   3.4. Criterios de avaliación .... 4
   3.5. Estándares de aprendizaxe .... 5
   3.6. Metodoloxía didáctica .... 5
4. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA .... 5
   4.1. Contidos .... 6
   4.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. .... 10
   4.3. Unidades Didácticas e a súa temporalizción. .... 22
5. ÁREA DE MATEMÁTICAS .... 25
   5.1. Contidos .... 26
   5.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. .... 29
   5.3. Unidades didácticas e a súa temporalización. .... 38
6. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA .... 41
   6.1. Contidos .... 42
   6.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. .... 48
   6.3. Unidades Didácticas e a súa temporalización. .... 62
7. CIENCIAS DA NATUREZA .... 65
   7.1. Contidos .... 66
   7.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. .... 70
   7.3. Unidades didácticas e a súa temporalización .... 76
8. CIENCIAS SOCIAIS .... 78
   8.1. Contidos .... 79
   8.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias .... 82
   8.3. Unidades didácticas e a súa temporalización .... 90
9. MATERIAIS E RECURSOS. .... 92
10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. .... 93
11. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN. .... 139
12. MÍNIMOS ESIXIBLES .... 140
13. METODOLOXÍA .... 141
14. ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E /OU A DISTANCIA .... 142
15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .... 142
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS .... 143
17. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA .... 143
18. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC .... 143

## 1. INTRODUCIÓN

A presente programación atópase fundamentada no marco legal vixente, respectando todo o establecido nel.

O noso sistema educativo réxese pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa, que remata a súa implantación a nivel curricular no presente curso 2015/2016 tal é como se establece na disposición final primeira do Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.

Os contidos a impartir fanse de obrigado cumprimento a través do Real Decreto antes citado e que se articula para a nosa comunidade no Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (LOMCE).

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta concreción curricular foi pensada para o CEIP Virxe do Portal de Sobrado, que conta con dúas etapas educativas: Infantil e Primaria; cun total de 44 alumnos/as. O centro conta con 7 mestres: dúas mestras especialistas de Ed. Infantil, mestra de Ed. Física,mestre de Lingua Inglesa; mestre de Ed. Musical; especialista de Audición e Linguaxe e de Relixión católica.

O alumnado pertence a un nivel socio-económico medio. Unha porcentaxe moi significativa da poboación adícase a actividades relacionadas coa agricultura.

O primeiro curso está formado por un total de 2 alumnos/as os cales se atopan nunha aula integrada co segundo curso (8 alumnos).

O centro dispón de diferentes recursos para o uso do alumnado; biblioteca, aula TIC con ordenadores conectados a internet, ordenadores nas aulas conectados a internet, unha sala de usos múltiples, un amplo patio de recreo cunha pequena zona cuberta para os días de choiva, un pavillón tipo escolar equipado con diverso material, vestuarios e duchas. Tamén contamos con recursos materiais como fotocopiadora, plastificadora, video, proxectores, pizarra dixital interactiva, televisión...

## 3. ASPECTOS XERAIS

### *3.1. Obxectivos*

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de

calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### *3.2. Competencias*

As competencias son as capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística **(CCL)**
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía **(CMCT)**
- Competencia dixital **(CD)**
- Competencias sociais e cívicas **(CSC)**
- Competencia de aprender a aprender **(CAA)**
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor **(CSIEE)**
- Competencia en conciencia e expresións culturais **(CCEC)**

### *3.3. Contidos*

Son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición das competencias clave.

### *3.4. Criterios de avaliación*

Son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir con cada disciplina.

### *3.5. Estándares de aprendizaxe*

Son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

### *3.6. Metodoloxía didáctica*

É o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

## 4. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

‹‹O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, por iso é polo que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe››.

A área de Lingua Castelá e Literatura articúlase en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.
- **Bloque 5.** Educación literaria.

### *4.1. Contidos*

| CONTIDOS | |
|---|---|
| **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Audición e comprensión de contos.<br><br>Narración de contos.<br><br>Exposición sobre personaxes de contos.<br><br>Expresión de sentimentos e emocións.<br><br>Expresión de gustos ou preferencias.<br><br>Descrición de lugares, persoas e obxectos.<br><br>Ampliación de vocabulario.<br><br>Dramatización.<br><br>Participación en xogos da linguaxe: adiviñas, retahílas, trabalinguas…<br><br>Participación activa en situacións colectivas de comunicación.<br><br>Exposición de feitos e acontecementos próximos.<br><br>Respecto polas normas básicas da comunicación oral. | • Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.<br>• Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.<br>• Participación en situación de comunicación da aula, espontáneas ou dirixidas, organizando, de forma xeral, o discurso.<br>• Interese pola ampliación do vocabulario.<br>• Creación de redes semánticas moi sinxelas.<br>• Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendoá forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.<br>• Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.<br>• Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.<br>• Dramatización de textos infantís.<br>• Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.<br>• Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.<br>• Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar. |

| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Recursos gráficos na comunicación escrita. Método de lecto-escritura.<br>Comprensión de textos lidos en voz alta e en silencio.<br>Audición de diferentes textos.<br>Discriminación de grupos consoánticos.<br>Lectura de palabras coas grafías das letras.<br>Lectura de sílabas, palabras e oracións.<br>Lectura de palabras e oracións con grupos consoánticos:<br>Lectura de palabras con diérese.<br>Lectura e comprensión de diferentes textos sinxelos: contos, poemas, trabalinguas, adiviñas,…<br>Lecturas dramatizadas.<br>Respecto e interese pola lectura de diferentes textos e polo coidado dos libros. | • Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.<br>• Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.<br>• Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.<br>• Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.<br>• Iniciación á creación da biblioteca persoal. |

| BLOQUE 3 COMUNICACIÓN ESCRITA:ESCRIBIR | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Grafomotricidade de trazos básicos.<br>Escritura de letras e grupos consoánticos. | • Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.<br>• Uso dos elementos lingüísticos e non lingüísticos na |

| | |
|---|---|
| Escritura de palabras, frases e oracións.<br><br>Escritura de textos sinxelos: unha nota, unha receita, unha ficha, un cartel, un diario, un diálogo…<br><br>Descrición de obxectos, persoas e lugares.<br><br>Escritura de gustos, preferencias, desexos e sentimentos.<br><br>Escritura correcta respectando o uso de normas básicas de ortografía.<br><br>Preocupación por escribir con corrección e limpeza. | comunicación escrita.<br><br>• Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura.<br><br>• Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura,...).<br><br>• Produción de textos segundo Plan de escritura. |

| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| *El, la, los, las.*<br>*Un, una, unos, unas.*<br>Substantivos comúns: nomes de animais e cousas.<br>O adxectivo.<br>Sílabas e palabras.<br>Palabras e oracións.<br>Masculino e feminino.<br>Singular e plural.<br>A diérese.<br>Concordancia do grupo nominal.<br>O verbo.<br>O verbo: singular e plural.<br>O verbo: presente, pasado e futuro.<br>O suxeito.<br>O predicado verbal. | • A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.<br><br>• Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.<br><br>• Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.<br><br>• Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.<br><br>• Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.<br><br>• Identificación de similitudes e diferenzas |

| | |
|---|---|
| O predicado nominal.<br>Palabras con *r*.<br>O punto e a maiúscula.<br>Uso de maiúsculas.<br>Dificultades ortográficas (ortografía natural): **ca, co, cu, que, qui; za, zo, zu, ce, ci; ge, gi/je, ji; ga, go, gu, gue, gui, güe, güi.**<br>Palabras con **mb, mp, br, bl**.<br>Os signos de interrogación.<br>Interese por aprender e aplicar as normas ortográficas.<br>Vocabulario: diminutivos, sinónimos, comparacións, sentido figurado. | entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. |

| **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA** | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Lectura e comprensión de diferentes tipos de textos.<br>Identificación de diferentes tipos de textos.<br>Recoñecemento dos elementos estruturais básicos do conto.<br>Escritura de textos literarios sinxelos a partir dun modelo.<br>Interese pola lectura e escritura de textos narrativos, poéticos e dramáticos.<br>Audición de lecturas rimadas e textos dialogados breves. | • Coñecemento e lectura guiada de contos tradicionais: marabillosos, de fórmulas, de animais,…<br>• Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.<br>• Recreación e composición de textos literarios: contos, poemas, adiviñas.<br>• Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. |

*4.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias.*

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE | NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) |
|---|---|---|---|
| **B1-1.** Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra. | **LCB1-1.1.** Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.<br><br>**LCB1-1.2.** Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSC | **O TEMA DO DISCURSO**<br><br>Narra feitos e experiencias persoais, expresa opinións e sentimentos seguindo un modelo.<br><br>Nas súas intervencións, tenta adecuar progresivamente o discurso a diferentes situacións de comunicación.<br><br>Expresa ideas sobre temas vinculados á súa propia experiencia e intereses máis próximos. Os seus argumentos son puramente subxectivos.<br><br>Reproduce coas súas propias palabras ideas xerais que escoitou.<br><br>Expresa os seus sentimentos e as emocións e é capaz de indicar algunhas causas que os producen.<br><br>Interésase por participar nas situacións de comunicación nas que se abordan temas próximos aos seus intereses.<br><br>Adquire progresiva seguridade |
| **B1-2.** Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. | **LCB1-2.1.** Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente. | CCL<br><br>CSC | |
| **B1-3.** Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en | **LCB1-3.1.** Participa activamente en diversas situacións de comunicación:<br>-diálogos | CCL<br><br>CD<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CSIEE | |

<table>
<tr><td>diferentes situacións da aula.</td><td>-exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.</td><td></td><td rowspan="6">nas súas intervencións en diferentes situacións comunicativas.<br><br>Participa en xogos da linguaxe.<br><br>A ORGANIZACIÓN DO DISCURSO<br><br>Organiza as ideas do seu discurso en función de criterios temporais e espaciais. E utiliza marcadores textuais como primero, después, al final; cerca, lejos; arriba, abajo, a la izquerda, a la derecha…<br><br>Ilustra as súas intervencións usando a comparación.<br><br>Reproduce textos orais imitando modelos.<br><br>Responde preguntas concretas sobre o contido de contos e de textos orais relacionados con temas da súa contorna.<br><br>A INTERACCIÓN CO INTERLOCUTOR<br><br>Presta atención ás intervencións dos demais.<br><br>Escoita atentamente textos orais de diferente extensión.<br><br>Adapta o seu discurso ao interlocutor atendendo á linguaxe verbal e á linguaxe non verbal.</td></tr>
<tr><td>B1-4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da aula.</td><td>LCB1-4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.</td><td>CCL</td></tr>
<tr><td>B1-5. Comprender o sentido global dun texto oral.</td><td>LCB1-5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.</td><td>CCL<br><br>CAA</td></tr>
<tr><td>B1-6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.</td><td>LCB1-6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisuais sobre temas do seu interese.</td><td>CCE<br><br>CAA</td></tr>
<tr><td>B1-7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.</td><td>LCB1-7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas</td><td>CCL<br><br>CAA<br><br>CCEC</td></tr>
<tr><td>B1-8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos</td><td>LCB1-8.1. Adecúa a entoación e o</td><td>CCL</td></tr>
</table>

| | | | |
|---|---|---|---|
| infantís. | volume á representación dramática. | | Lembra os datos necesarios para participar nunha conversación sobre o contido dun texto.<br><br>Esfórzase por captar a atención do seu interlocutor e por utilizar unha linguaxe adecuada ao seu nivel de comprensión.<br><br>Mostra sensibilidade cara ao seu interlocutor, interésase por comprender as súas razóns e exprésase en consecuencia.<br><br>Respecta as normas básicas do intercambio comunicativo: escoitar, non interromper, utilizar un ton e un volume de voz adecuados…<br><br>**O VOCABULARIO**<br><br>Emprega un vocabulario progresivamente máis adecuado ao tema que trata.<br><br>Emprega estratexias diferentes para comprender o significado de palabras novas: lectura en voz alta e contextualización.<br><br>Mostra interese por coñecer palabras novas e utilizalas en diferentes contextos .<br><br>**A MEMORIA AUDITIVA E** |
| **B1-9.** Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente. | **LCB1-9.1.** Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.<br><br>**LCB1-9.2.** Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba.…<br><br>**LCB1-9.3.** Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite… | CCL<br><br>CSIEE | |
| **B1-10.** Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | **LCB1-10.1.** Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | CCL<br><br>CSC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1-11.** Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. | **LCB1-11.1.** Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE | **A EXPRESIVIDADE**<br>Memoriza e recita parte de textos poéticos, adiviñas, retahílas… con dicción clara e con progresiva expresividade. |
| **B2-1.** Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos. | **LCB2-1.1.** Le con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. | CCL | **LECTURA AUTÓNOMA**<br>Le palabras coas grafías das letras coñecidas.<br>Le sílabas, palabras e oracións.<br>Le palabras a partir da súa descomposición en sílabas.<br>Le palabras e oracións con grupos consoánticos.<br>Le todo tipo de palabras e oracións formadas por letras coñecidas.<br>Entende que a lectura serve para divertirse e para aprender.<br>Completa con axuda actividades en soporte dixital.<br>**LECTURA EXPRESIVA**<br>Le textos curtos coa entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e interrogación).<br>**COMPRENSIÓN LITERAL**<br>Le e comprende o contido de textos sinxelos apoiándose nas |
| **B2-2.** Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel. | **LCB2-2.1.** Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto. | CCL<br>CAA | |
| **B2-3.** Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade. | **LCB2-3.1.** Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións… | CCL<br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2-4.** Mostrar interese e gusto pola lectura. | **LCB2-4.1.** Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.<br><br>**LCB2-4.2.** Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras. | CCL | imaxes e na audición do texto.<br><br>Recoñece as ideas principais e os acontecementos relevantes de poemas, contos e textos expositivos e dramáticos moi sinxelos. Expresa verbalmente ou por escrito os contidos.<br><br>**COMPRENSIÓN INFERENCIAL**<br><br>Apóiase nos seus coñecementos previos para comprender globalmente un texto que leu e lembrar algúns detalles.<br><br>Relaciona textos e imaxes para obter unha comprensión máis completa das súas lecturas.<br><br>Deduce polo contexto o significado de palabras e expresións.<br><br>**COMPRENSIÓN ESTRUTURAL**<br><br>Comprende secuencias temporais de catro momentos e relaciona esos momentos con acontecementos relevantes da historia.<br><br>Recoñece marcadores temporais nos textos.<br><br>É capaz de expresar detalles dunha historia e as ideas xerais. |
| **B2-5.** Progresar na adquisición do hábito lector. | **LCB2-5.1.** Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer. | CCL<br><br>CD<br><br>CAA | |
| **B2.6.** Mostrar interese por ter unha biblioteca propia. | **LCB2-6.1.** Coida, conserva e organiza os seus libros. | CCL<br><br>CSC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | Comprende a estrutura implícita de textos sinxelos de diferente tipoloxía: secuencia temporal, sucesión de acontecementos, partes do texto, etc.<br><br>Identifica o obxecto de textos de uso cotián: nota, cartas, postais…<br><br>Recoñece e sinala elementos da estrutura explícita de textos sinxelos: título, palabras destacadas, función das imaxes, versos, referencias a personaxes, autor, etc.<br><br>**LECTURA CRÍTICA E INTERPRETATIVA**<br><br>Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto (nivel básico previo á crítica).<br><br>Expresa opinións de forma espontánea sobre textos lidos e arguméntaas. |
| **B3-1.** Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos. | **LCB3-1.1.** Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas. | CCL | **ORTOGRAFÍA**<br><br>Distingue o uso de diferentes grafías para representar un mesmo son.<br><br>Deletrea correctamente palabras curtas e os erros adoitan ser fonéticamente lóxicos (relación fonema-grafía).<br><br>Coñece e aplica normas básicas |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **LCB3-1.2.** Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia… | | de ortografía.<br><br>Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente.<br><br>Escribe palabras e oracións formadas por letras coñecidas, asociando fonemas e grafías adecuadamente e separando as palabras.<br><br>**SINTAXE E GRAMÁTICA**<br><br>Organiza as ideas en secuencias de oracións, algunhas veces, marcadas por maiúsculas e puntos.<br><br>Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: sílaba, palabra, nomes, accións…<br><br>**COMPOSICIÓN**<br><br>Escribe trazos básicos, letras, grupos consoánticos e oracións formadas por letras coñecidas, asociando fonemas e grafías.<br><br>Escribe textos sinxelos: unha lista, unha felicitación, unha nota, unha receita…<br><br>Empeza a utilizar a linguaxe escrita para satisfacer as súas necesidades comunicativas (explicar os seus coñecementos, argumentar as súas ideas) e axústase a unha estrutura dada.<br><br>Usa as palabras apropiadas e o |
| **B3-2.** Relacionar códigos verbais e non verbais. | **LCB3-2.1.** Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. | CCL | |
| **B3-3.** Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación. | **LCB3-3.1.** Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas…<br><br>**LCB3-3.2.** Presenta os seus escritos con limpeza, evitando | CCL<br><br>CD<br><br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | riscos. | | vocabulario axustado ao tema do que trate o texto.<br>A caligrafía adoita ser regular e correcta nos seus trazos.<br>Comprende o espazo do que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras.<br>Expresa por escrito gustos, preferencias, desexos e sentimentos e arguméntaos.<br>Coñece e aplica estratexias básicas de redacción de textos prestando atención á tipoloxía e ao tema: planificación, organización das ideas e escritura correcta. Empeza a utilizar técnicas básicas de revisión.<br>Le e compara as propias producións coas dos seus compañeiros e compañeiras e expresan semellanzas e diferenzas.<br>Mostra interese por escribir de forma cada vez máis autónoma e correcta.<br>Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde.<br>**RECREACIÓN DO TEXTO**<br>Completa ou escribe resumos guiados sobre textos sinxelos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | lidos ou escoitados previamente. |
| **B4-1.** Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua. | **LCB4-1.1.** Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.<br>**LCB4-1.2.** Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.<br>**LCB4-1.3.** Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.<br>**LCB4-1.4.** Distingue xénero e número en palabras habituais.<br>**LCB4-1.5.** Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.<br>**LCB4-1.6.** | CCL | **ORTOGRAFÍA**<br>Deletrea correctamente palabras curtas e os erros adoitan ser foneticamente lóxicos (relación fonema-grafía).<br>Coñece e aplica as normas básicas de ortografía.<br>Utiliza progresivamente a maiúscula para iniciar as oracións.<br>Utiliza de maneira adecuada os signos de interrogación .<br>Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente.<br>**GRAMÁTICA**<br>Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: a sílaba, a palabra, o artigo, o nome, o adxectivo, as accións…<br>Recoñece o número de sílabas dunha palabra e descompón palabras en sílabas.<br>Recoñece os tempos verbais de forma intuitiva e utilízaos correctamente.<br>Identifica de forma intuitiva as funcións que realizan determinadas palabras de diferentes tipos.<br>Recoñece polo uso diferentes clases |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.<br>**LCB4-1.7.** Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos. | | de palabras.<br>Aplica a concordancia entre os nomes e os determinantes do grupo nominal; e entre o suxeito e o predicado.<br>Respecta a orde das palabras na oración. Empeza a mostrar coñecemento do uso do punto para separar ideas nas oracións.<br>Identifica oracións e comprende de forma intuitiva que é o suxeito e que é o predicado.<br><br>**VOCABULARIO**<br>Coñece e aplica, de forma intuitiva, procedementos de formación de palabras.<br>Recoñece e forma familias de palabras.<br>Recoñece de forma intuitiva fenómenos semánticos e utilízaos con progresivo rigor.<br>Nomea palabras que teñan o mesmo significado e que signifiquen o contrario.<br>Relaciona palabras que teñen o mesmo significado nas diferentes linguas que coñece. |
| **B4-2.** Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario. | **LCB4-2.1.** Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.<br>**LCB4-2.2.** Establece comparacións entre distintos elementos.<br>**LCB4-2.3.** Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.<br>**LCB4-2.4.** Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes. | CCL | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4-3.** Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz. | **LCB4-3.1.** Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos. | CCL | |
| **B4-4.** Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | **LCB4-4.1.** Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos. | CCL | |
| **B4-5.** Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | **LCB4-5.1.** Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe. | CCL<br>CD<br>CAA | |
| **B4-6.** Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e | **LCB4-6.1.** Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que | CCL<br>CSC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| lograr unha competencia comunicativa integrada. | coñece. | | |
| **B5-1.** Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información. | **LCB5-1.1.** Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas…<br><br>**LCB5-1.2.** Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSC | **TIPOLOXÍAS TEXTUAIS**<br>Entende as diferenzas básicas entre tipoloxías textuais.<br>Recoñece a estrutura narrativa en contos e relatos.<br>Recoñece o ritmo e a rima como características básicas dos textos poéticos.<br>Recoñece os textos expositivos como fontes de información.<br>Acode á lectura de forma cada vez máis autónoma para entreterse, para buscar información e aprender.<br>**COMPRENSIÓN INFERENCIAL**<br>Comprende oracións e textos sinxelos en que se utilicen algúns recursos expresivos como a elipse, o hipérbato, as comparacións ou as metáforas.<br>**LECTURA EXPRESIVA**<br>Le textos curtos de distintos tipos coa entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e interrogación).<br>**LECTURA CRÍTICA**<br>Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto (nivel básico previo |
| **B5-2.** Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos. | **LCB5-2.1.** Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.<br><br>**LCB5-2.2.** Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións). | CCL<br>CAA<br>CCEC | |
| **B5-4.** Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e | **LCB5-4.1.** Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou | CCL<br>CAA<br>CCEC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| adiviñas. | modelos dados. | | á crítica).<br>Expresa opinións de forma espontánea sobre textos que leu en calquera lingua, e arguméntaas.<br>**CREACIÓN E EXPRESIÓN**<br>Participa activamente nas actividades lúdicas relacionadas coa linguaxe.<br>Inventa xogos de palabras utilizando recursos como a rima, a repetición, a derivación, etc. seguindo os modelos dados.<br>Memoriza e reproduce textos orais sinxelos que escoitou.<br>Participa en dramatizacións guiadas e interactúa de forma coherente cos seus compañeiros e compañeiras. |
| **B5-5.** Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | **LCB5-5.1.** Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CCEC<br>CSC | |

### *4.3. Unidades Didácticas e a súa temporalizción.*

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | | |
|---|---|---|
| **OUTUBRO** | **NOVEMBRO** | **DECEMBRO** |
| **UNIDADE 1** | **UNIDADE 2** | **UNIDADE 3** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *La aldea de los duendes.*<br>• Canción e poema: *La aldea despierta.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Lectoescritura: P, M, L, S, T, D.<br>• Ortografía natural: maiúsculas ao principio de | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *El árbol del parque.*<br>• Canción e poema: *La aldea despierta.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Lectoescritura: N, F, R (son forte), H, C/QU, G/GU, R (son suave).<br>• Ortografía natural: maiúsculas; *r-* e *-rr-; c/qu;* | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *La fábrica de las fiestas.*<br>• Canción e poema: *La cabalgata.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Lectoescritura: B, V, C/ Z, LL, Ñ, G/J.<br>• Ortografía natural: maiúsculas; palabras cos |

| | | |
|---|---|---|
| oración, nos nomes de persoas, de animais e de lugares.<br>• Concordancias (*el* ou *la* + substantivo).<br>• Palabras a partir de sílabas desordenadas.<br>• Diminutivos.<br>• Palabras para nomear emocións e sentimentos.<br>• Oracións verdadeiras e oracións falsas.<br>• Texto dialogado: *El duende asustado.* | *g/gu; -r-.*<br>• Concordancias (un, *unos* ou *una*, *unas* + substantivo).<br>• Palabras a partir de sílabas desordenadas.<br>• Enunciados a partir de palabras desordenadas.<br>• Oracións verdadeiras e oracións falsas.<br>• Textos narrativos: *Rufino y el fantasma; El tesoro de la laguna.* | fonemas da unidade; enunciados a partir de palabras.<br>• Concordancias (*unos* ou *unas* + substantivo en plural).<br>• Palabras a partir de sílabas.<br>• Textos narrativos: *Basilio, el violinista*.<br>• Texto expositivo: a receita da torta de mazá.<br>• Descricións a partir de escenas: o desfile; a castañera.<br>• Retahíla: *En las altas montañas.* |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | |
| **XANEIRO** | **FEBREIRO** | **MARZO** |
| **UNIDADE 4** | **UNIDADE 5** | **UNIDADE 6** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *El tesoro de Isla Ballena.*<br>• Canción e poema: *Quiero explorar la tierra y el mar.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Cómic: *Mensaje en una botella.* Os personaxes, os detalles.<br>• Lectoescritura: E, CH, X, K, W. | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *La carrera de trineos.*<br>• Audicións, conto: *El sueño de Ernest;* lecturas rimadas; texto dialogado; poema: *Rap del pingüino.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Conto: *El sueño de Ernest.* O protagonista, o lugar, o resumo. | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *En caravana por el desierto.*<br>• Audicións: conto: *Salma y las estrellas;* lecturas rimadas; texto dialogado; poema: *El dromedario.*<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Conto: *Salma y las estrellas.* Os detalles, o vocabulario. |

| | | |
|---|---|---|
| • Ortografía natural: palabras de ortografía semellante.<br>• Vocabulario: sinónimos.<br>• Palabras e oracións a partir de sílabas desordenadas.<br>• Lectura comprensiva: relación entre textos e imaxes.<br>• Escritura: responder preguntas, formar oracións. | • Lectoescritura: PR e PL; BR e BL; CR e CL.<br>• Ortografía natural: sílabas abertas e sílabas pechadas, singulares acabados en *-l* e os seus plurais.<br>• Vocabulario: sentido figurado.<br>• Texto dialogado: entrevista.<br>• Texto poético: *Rap el pingüino.* Palabras que riman.<br>• Cartel sobre a conservación da contorna.<br>• Escritura: escribir oracións a partir de imaxes, completar un cartel. | • Lectoescritura: GR e GL; FR e FL; TR e DR.<br>• Ortografía natural: sílabas abertas e sílabas pechadas.<br>• Vocabulario: comparacións.<br>• Palabras a partir de sílabas; separación de palabras.<br>• Texto poético: *El dromedario.*<br>• Texto dialogado: no viveiro.<br>• Cartel sobre a protección contra o sol.<br>• Escritura: completar unha ficha, escribir comparacións, completar oracións. |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | | |
| **ABRIL** | **MAIO** | **XUÑO** |
| **UNIDADE 7** | **UNIDADE 8** | **UNIDADE 9** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Investigación en la gran llanura.*<br>• Audicións: conto: *El huerto;* poema: *Don León de la Pradera;* texto dialogado.<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Conto: *El huerto.* Os | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Aventura en las montañas.*<br>• Audicións, conto: *Karnali y el yeti;* poema: *Doña Primavera*; texto dialogado.<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Conto: *Karnali y el yeti.* Os personaxes, o lugar, a | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Un hallazgo prehistórico.*<br>• Audicións: conto: *Dientes de sable;* poema: *El mamut Rigoberto*; texto dialogado.<br>**LER E ESCRIBIR**<br>• Conto: *Dientes de sable.* O lugar, as accións dos |

| | | |
|---|---|---|
| detalles, o vocabulario, a situación.<br>• Ortografía natural: sílabas e palabras. Sílabas directas e sílabas trabadas. Repaso de palabras con *gr*, *gü* e *j*.<br>• Partes da oración: o suxeito. Tempos verbais (pasado, presente e futuro).<br>• Formar oracións.<br>• Texto informativo: a seca.<br>• Texto poético: *Don León de la Pradera*. Separación de palabras.<br>• Texto dialogado: o espantallo.<br>• Adiviñas de letras. | historia.<br>• Maiúsculas en nomes propios.<br>• Palabras a partir de sílabas desordenadas.<br>• O verbo: pasado, presente e futuro.<br>• Texto informativo: a existencia do *yeti*.<br>• Texto poético: *Doña Primavera*. Os adxectivos. Palabras que riman. Sílabas e palabras.<br>• Texto dialogado: unha entrevista na radio.<br>• Escritura: un diario, expresar opinións e argumentos. | personaxes, os detalles.<br>• Ortografía natural: sílabas e palabras. Sílabas directas e sílabas trabadas. Repaso de palabras con *g*, j e *bl*, *br*.<br>• Os signos de interrogación.<br>• Partes da oración: o predicado verbal.<br>• Texto informativo: o lume.<br>• Texto poético: *El mamut Rigoberto*. Versos que riman.<br>• Texto dialogado: visita ao museo.<br>• Escritura: un diálogo. |

## 5. ÁREA DE MATEMÁTICAS

‹‹As matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analizala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe achega á formación intelectual xeneral, e a súa contribución ao desenvolvemento cognitivo. O uso das ferramentas matemáticas permite abordar unha gran variedade de situacións.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, e constitúen unha maneira de analizar diversas situacións, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc., axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada; son un conxunto de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade, para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntarnos, obter modelos e identificar

relacións e estruturas, de modo que levan non só utilizar cantidades e formas xeométricas, senón ademais, e sobre todo, atopar patróns, regularidades e leis matemáticas››.

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números.
- **Bloque 3.** Medida.
- **Bloque 4.** Xeometría.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

### *5.1. Contidos*

| **BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS** | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Lectura comprensiva dos enunciados.<br>Recoñecemento de datos.<br>Situacións de suma ou de resta.<br>Resolución de problemas de suma ou de resta.<br>Aplicación de procesos de resolución de problemas.<br>Invención de problemas. | • Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.<br>• Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.<br>• Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.<br>• Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. |
| **BLOQUE 2. NÚMEROS** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Números ata o 9.<br>Comparación e ordenación de números dunha cifra.<br>Os números do 10 ao 99.<br>Descomposición de números.<br>Decenas e unidades. | • Números naturais ata o 99.<br>• Nome e grafía dos números ata o 99.<br>• Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.<br>• O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. |

| | |
|---|---|
| Os números anterior e posterior.<br><br>Comparación e ordenación de números de dúas cifras (signos > e <).<br><br>Series de números.<br><br>Os números ordinais.<br><br>Sumas e restas de decenas.<br><br>Sumas sen levar con números de dúas cifras.<br><br>Restas sen levar con números de dúas cifras.<br><br>Sumas de tres números sen levar e levando.<br><br>Sumas levando con números de dúas cifras.<br><br>A propiedade conmutativa da suma.<br><br>A multiplicación e a suma.<br><br>Reparticións en partes iguais. | • Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.<br><br>• Construción de series ascendentes e descendentes.<br><br>• Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.<br><br>• Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.<br><br>• Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.<br><br>• Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.<br><br>• Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.<br><br>• Cálculo de sumas e restas.<br><br>• Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.<br><br>• Resolución de problemas da vida cotiá. |
| **BLOQUE 3. MEDIDA** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Cuantificadores.<br><br>Os días da semana.<br><br>Comparación de lonxitudes.<br><br>Unidades materiais de medida.<br><br>O centímetro.<br><br>O calendario.<br><br>Os céntimos. Os euros.<br><br>O reloxo de agullas. O reloxo dixital. | • Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.<br><br>• Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares. Elección da unidade e dos instrumentos máis adecuados para medir e expresar unha medida<br><br>• Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. |

| | |
|---|---|
| | • Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.<br>• O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. Múltiplos e submúltiplos do euro. Equivalencias entre moedas e billetes.<br>• Equivalencias entre moedas e billetes.<br>• Resolución de problemas de medida. |
| **BLOQUE 4. XEOMETRÍA** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Posicións no espazo.<br>Liñas abertas e pechadas.<br>Liñas rectas, curvas e poligonais.<br>Figuras planas.<br>Os corpos xeométricos. | • Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.<br>• Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia.<br>• Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.<br>• Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.<br>• Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas; rectas e curvas.<br>• Busca dos elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos.<br>• Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas.<br>• Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. |

| BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Os gráficos de barras.<br><br>Interpretación e elaboración de táboas. | • Recollida e clasificación de datos. |

### *5.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias.*

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE | NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) |
|---|---|---|---|
| **B1-1.** Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema. | **MTB1-1.1.** Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade. | CMCT<br><br>CCL | **EXPRESIÓN MATEMÁTICA**<br><br>Establece relacións básicas entre diferentes linguaxes (a linguaxe escrita e a linguaxe matemática ou gráfica).<br><br>É capaz de verbalizar os resultados dos seus cálculos.<br><br>Responde verbalmente as preguntas que se lle formulan.<br><br>Realiza razoamentos inmediatos para elixir datos e operacións e realiza os cálculos necesarios.<br><br>Sabe a importancia que ten realizar os seus traballos de forma ordenada e limpa.<br><br>Expresa as solucións aos problemas gráficamente ou en |
| **B1-2.** Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. | **MTB1-2.1.** Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. | CMCT<br><br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1-3.** Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra. | **MTB1-3.1.** Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. | CMCT<br><br>CD<br><br>CAA | forma de texto.<br><br>**ACTITUDE**<br><br>Realiza os seus traballos e demostra que é consciente dos seus progresos e dos seus fallos.<br><br>Supera as dificultades de maneira cada vez máis autónoma.<br><br>**SOLUCIÓN DE PROBLEMAS**<br><br>Resolve problemas cuxa solución se obtén cunha soa operación, elixindo entre suma ou resta e colocando os factores correctamente.<br><br>Analiza e comprende enunciados de problemas relacionados con situacións cotiás.<br><br>Comprende enunciados gráficos e textuais sinxelos onde todos os datos aparecen explícitos.<br><br>Identifica os datos relevantes para resolver un problema.<br><br>Expresa as solucións gráficamente ou en forma de texto.<br><br>Inventa datos coherentes que faltan ou preguntas para completar o enunciado.<br><br>Realiza estimacións sobre o |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | posible resultado dun problema, dunha operación, etc. |
| **B2-1.** Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | **MTB2-1.1.** Le, escribe e ordena números ata o 99.<br><br>**MTB2-1.2.** Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. | CMCT<br><br>CCL | **EXPRESIÓN MATEMÁTICA**<br><br>É capaz de representar números e cantidades en diferentes soportes.<br><br>Establece relacións básicas entre diferentes linguaxes (a linguaxe escrita e a linguaxe matemática ou gráfica).<br><br>Recoñece e interpreta números en diferentes contornas (enunciados de problemas, textos, rótulos, táboas…).<br><br>**NUMERACIÓN**<br><br>É capaz de contar obxectos e identificar cantidades expresadas en números, ata o 99, usando estratexias como a agrupación e aplicando coñecementos básicos sobre numeración decimal (unidades e decenas).<br><br>Le, escribe e ordena números ordinais ata o décimo.<br><br>Realiza estimacións e comparacións entre números e |
| **B2-2.** Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | **MTB2-2.1.** Utiliza os números ordinais en contextos reais.<br><br>**MTB2-2.2.** Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.<br><br>**MTB2-2.3.** Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das | CMCT<br><br>CCL<br><br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | súas cifras.<br><br>**MTB2-2.4.** Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. | | utiliza cuantificadores para expresar as comparacións. |
| **B2-3.** Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | **MTB2-3.1.** Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.<br><br>**MTB2-3.2.** Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.<br><br>**MTB2-3.3.** Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. | CMCT | Compara números ata o 99 utilizando os signos > ou <.<br><br>Descompón números de dúas cifras, ata o 99 en decenas e unidades, fixándose na posición das súas cifras.<br><br>Comprende e utiliza correctamente o valor posicional das cifras dun número.<br><br>**CÁLCULO**<br><br>Realiza cálculos mentais ou gráficos sinxelos e series que inclúan una mesma operación que se repite.<br><br>Expón e resolve operacións de suma (levando e sen levar) e de resta sen levar cuxo resultado sexa menor ou igual que 99.<br><br>Realiza, de forma intuitiva e con apoio, reparticións en partes iguais.<br><br>Coñece e comprende a relación entre a suma e a multiplicación.<br><br>Explora e aplica de forma intuitiva a propiedade |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2-4.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | **MTB2-4.1.** Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.<br><br>**MTB2-4.2.** Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br><br>CAA<br><br>CSIEE | conmutativa da suma.<br><br>**SOLUCIÓN DE PROBLEMAS**<br><br>Aplica os seus coñecementos sobre a suma e a resta á solución de problemas e coloca os factores correctamente.<br><br>Utiliza estratexias persoais para resolver os problemas de diferentes tipos.<br><br>Identifica os datos relevantes para resolver un problema e pode inventar datos coherentes ou preguntas para completar o enunciado.<br><br>Analiza os datos, reflexiona sobre eles e aplica os seus coñecementos.<br><br>**ACTITUDE**<br><br>Mostra curiosidade por descubrir a presenza dos números e as matemáticas en xeral na súa contorna.<br><br>Aplica procesos sinxelos de revisión dos seus cálculos e expón outras formas de solución. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B3-1.** Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións. | **MTB3-1.1.** Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. | CMCT | **EXPRESIÓN MATEMÁTICA**<br><br>Explica as unidades que se empregaron para comparar e ordenar cantidades da mesma magnitude. |

<table>
<tr>
<td>B3-2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza.</td>
<td>MTB3-2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.</td>
<td>CMCT</td>
<td rowspan="3">Realiza estimacións de medida e utiliza correctamente cuantificadores para expresalas.<br><br>Explica o proceso que seguiu para resolver un problema de medida.<br><br>CÁLCULO<br><br>Calcula, con apoio gráfico, sumas sinxelas de lonxitudes, capacidades ou masas expresadas na mesma unidade.<br><br>MEDIDA<br><br>Coñece e utiliza cuantificadores comparativos e unidades de medida do tempo e do diñeiro.<br><br>Le as horas en punto e media en reloxos analóxicos e dixitais. Traslada a representación das horas dun reloxo analóxico a un dixital e viceversa.<br><br>Utiliza procedementos e unidades convencionais e non convencionais para medir e comparar magnitudes de obxectos da súa contorna.<br><br>RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS<br><br>Resolve problemas da vida diaria utilizando referencias temporais e aplicando as súas relacións.<br><br>Suma e resta magnitudes para resolver problemas da vida diaria.</td>
</tr>
<tr>
<td>B3-3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.</td>
<td>MTB3-3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.</td>
<td>CMCT</td>
</tr>
<tr>
<td>B3-4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</td>
<td>MTB3-4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.<br><br>MTB3-4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.<br><br>MTB3-4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando</td>
<td>CMCT</td>
</tr>
</table>

| | | | |
|---|---|---|---|
| | as medidas temporais e as súas relacións. | | |
| **B3-5.** Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | **MTB3-5.1.** Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | CMCT<br>CAA | |
| **B3.6.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a | **MTB3-6.1.** Resolve problemas sinxelos de medida.<br>**MTB3-6.2.** Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| resolución de problemas. | | | |
| **B4-1.** Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | **MTB4-1.1.** Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.<br>**MTB4-1.2.** Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | CMCT<br>CAA<br>CCL | **EXPRESIÓN MATEMÁTICA**<br>Recoñece de forma intuitiva a relación entre o espazo e a súa representación sobre o plano.<br>Identifica e expresa correctamente as relacións espaciais na realidade e nas representacións gráficas.<br>**XEOMETRÍA**<br>Identifica tipos de liñas, polígonos e corpos xeométricos sinxelos.<br>Traza formas xeométricas seguindo indicacións.<br>**RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS**<br>Resolve problemas da vida cotiá que implican os contidos traballados. |
| **B4-2.** Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, | **MTB4-2.1.** Recoñece formas rectangulares, | CMCT<br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| círculo, rectángulo e triángulo. | triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. | | |
| **B4-3.** Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | **MTB4-3.1.** Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.<br><br>**MTB4-3.2.** Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT<br><br>CAA<br><br>CSIEE | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B5-1.** Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais… comunicando a información. | **MTB5-1.1.** Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.<br>**MTB5-1.2.** Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos. | CMCT<br>CAA | **EXPRESIÓN MATEMÁTICA**<br>Recoñece de forma intuitiva a relación entre o espazo e a súa representación sobre o plano.<br>Coñece e expresa correctamente as relacións espaciais.<br>Realiza e interpreta táboas e gráficos sinxelos con datos obtidos de situacións próximas. |

### *5.3. Unidades didácticas e a súa temporalización.*

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | | |
|---|---|---|
| **OUTUBRO** | **NOVEMBRO** | **DECEMBRO** |
| **UNIDADE 1** | **UNIDADE 2** | **UNIDADE 3** |
| **MEDIR**<br>• Posicións: *encima-debajo; dentro-fuera; delante-detrás.*<br>**CONTAR**<br>• Números de 0 a 10; asociación número-cantidade; composición.<br>• Os nomes dos números.<br>**OPERAR E CALCULAR**<br>• Sumas en horizontal. | **MEDIR**<br>• Xeometría: liñas rectas e liñas curvas.<br>• Lonxitudes.<br>**CONTAR**<br>• O número 10, composición e descomposición.<br>• Decenas e unidades; estimacións: *más de una decena-menos de una decena.* | **MEDIR**<br>• Xeometría: liñas rectas, liñas curvas e liñas poligonais, liñas abertas e pechadas.<br>• Lonxitudes.<br>**CONTAR**<br>• Números ata o 19; asociación número-cantidade; composición; os nomes dos números.<br>• Decenas ata 90. |

| | | |
|---|---|---|
| **RESOLVER PROBLEMAS**<br><br>• Situacións de suma: *¿Cuántos hay en total?* | • Números ata o 15; asociación número-cantidade; composición; os nomes dos números.<br><br>**OPERAR E CALCULAR**<br><br>• Sumas en horizontal e en vertical.<br><br>• Sumas na recta numérica.<br><br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br><br>• Situacións de suma: *¿Cuántos hay al final?*<br><br>• Enunciados gráficos. Representación de datos. | • Comparación dos números.<br><br>**OPERAR E CALCULAR**<br><br>• Restas en horizontal e en vertical.<br><br>• Restas na recta numérica.<br><br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br><br>• Situacións de suma e situacións de resta: *¿Cuántos hai en total? ¿Cuántos quedan? ¿Cuántos máis hay?*<br><br>• Enunciados gráficos. Estimación de resultados *(habrá más-habrá menos).* |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | |
| **XANEIRO** | **FEBREIRO** | **MARZO** |
| **UNIDADE 4** | **UNIDADE 5** | **UNIDADE 6** |
| **MEDIR**<br><br>• Figuras planas: triángulo, círculo, rectángulo, cadrado.<br><br>• Medidas naturais: pé, palmo, paso.<br><br>• Unidades de lonxitude: o centímetro.<br><br>**CONTAR**<br><br>• Números ata o 29; decenas e unidades; os nomes dos números. | **MEDIR**<br><br>• Comparación de capacidades.<br><br>• O litro.<br><br>**CONTAR**<br><br>• Números ata o 49.<br><br>**OPERAR E CALCULAR**<br><br>• Sumas e restas de decenas completas.<br><br>• Sumas en vertical con números de dúas cifras. | **MEDIR**<br><br>• Comparación de masas.<br><br>• O quilo.<br><br>**CONTAR**<br><br>• Números ata o 69.<br><br>• Comparación de números.<br><br>**OPERAR E CALCULAR**<br><br>• Restas con números de dúas cifras.<br><br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br><br>• Situacións de suma e |

| | | |
|---|---|---|
| • Decenas ata o 90.<br>**OPERAR E CALCULAR**<br>• Sumas e restas en horizontal e con apoio da recta numérica.<br>• Sumas de tres díxitos.<br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br>• Situacións de suma: *¿Cuántos hay en total?*<br>• Situacións de resta: *¿Cuántos quedan?* | **RESOLVER PROBLEMAS**<br>• Situacións de resta: *¿Cuántos quedan?, ¿Cuántos sobran?*<br>• Enunciados gráficos. Representación de datos. | situacións de resta: *¿Cuántos quedan?, ¿Cuántos sobran?*<br>• Utilización da recta numérica como apoio na solución de problemas.<br>• Enunciados gráficos: relacionar datos, interpretar gráficos. |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | | |
| **ABRIL** | **MAIO** | **XUÑO** |
| **UNIDADE 7** | **UNIDADE 8** | **UNIDADE 9** |
| **MEDIR**<br>• O calendario, semanas e meses.<br>**CONTAR**<br>• Números ata o 99, composición, comparación.<br>**OPERAR E CALCULAR**<br>• Sumas de tres números de dúas cifras.<br>• Sumas levando.<br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br>• Comprensión do | **MEDIR**<br>• Horas e media. Medida de tempos.<br>**CONTAR**<br>• Comparación de números.<br>• Números ordinais ata o 10.º.<br>**OPERAR E CALCULAR**<br>• Sumas en horizontal e en vertical.<br>• Sumas na recta numérica.<br>• Propiedade conmutativa da suma.<br>• Suma e multiplicación. | **MEDIR**<br>• Os euros e os céntimos de euro.<br>• Corpos xeométricos: prisma, esfera e pirámide.<br>**CONTAR**<br>• As decenas.<br>**OPERAR E CALCULAR**<br>• Sumas de tres números levando.<br>• Reparticións en partes iguais.<br>**RESOLVER PROBLEMAS**<br>• Inventar problemas a partir |

| | | |
|---|---|---|
| enunciado e dos datos.<br>• Procura dos datos en táboas. | **RESOLVER PROBLEMAS**<br>• Situacións de suma: *¿Cuántos hay en total?*<br>• Modelos: enunciados gráficos.<br>• Procesos: representación gráfica dos datos. | dos gráficos. |

## 6. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

«A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia linguística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e linguística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio linguístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da Internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área».

A área de Lingua Galega e Literatura articúlase en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.
- **Bloque 5.** Educación literaria.

### *6.1. Contidos*

| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | |
|---|---|
| CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO | CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO |
| Audición e comprensión de contos.<br>Narración de contos.<br>Exposición sobre personaxes de contos.<br>Expresión de sentimentos e emocións.<br>Expresión de gustos ou preferencias.<br>Descrición de lugares, persoas e obxectos.<br>Ampliación de vocabulario.<br>Dramatización.<br>Participación en xogos da linguaxe: adiviñas, retahílas, trabalinguas…<br>Participación activa en situacións colectivas de comunicación.<br>Exposición de feitos e acontecementos próximos.<br>Respecto polas normas básicas da | • Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.<br>• Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.<br>• Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).<br>• Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.<br>• Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou |

| | |
|---|---|
| comunicación oral. | pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).<br>• Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.<br>• Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.<br>• Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.<br>• Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.<br>• Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. |

| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Recursos gráficos na comunicación escrita. Método de lecto-escritura.<br><br>Comprensión de textos lidos en voz alta e en silencio.<br><br>Audición de diferentes textos.<br><br>Discriminación de grupos consoánticos.<br><br>Lectura de palabras coas grafías das letras.<br><br>Lectura de sílabas, palabras e oracións.<br><br>Lectura de palabras e oracións con grupos consoánticos:<br><br>Lectura de palabras con *nh*.<br><br>Lectura e comprensión de diferentes textos sinxelos: contos, poemas, trabalinguas, adiviñas…<br><br>Lecturas dramatizadas.<br><br>Respecto e interese pola lectura de diferentes textos e polo coidado dos libros. | • Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br><br>• Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.<br><br>• Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).<br><br>• Interpretación da información das ilustracións.<br><br>• Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.<br><br>• Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.<br><br>• Iniciación á creación da biblioteca persoal.<br><br>• Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.<br><br>• Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. |

| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Grafomotricidade de trazos básicos.<br><br>Escritura de letras e grupos consoánticos.<br><br>Escritura de palabras, frases e oracións.<br><br>Escritura de textos sinxelos: unha nota, un refrán, unha noticia…<br><br>Descrición de obxectos, persoas e lugares.<br><br>Escritura de gustos, preferencias, desexos e sentimentos.<br><br>Escritura correcta respectando o uso de normas básicas de ortografía.<br><br>Interese polo emprego de programas informáticos de procesamento de textos.<br><br>Preocupación por escribir con corrección e limpeza. | • Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.<br>• Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.<br>• Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais).<br>• Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.<br>• Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).<br>• Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.<br>• Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.<br>• Utilización dos elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.<br>• Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>• Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. |

| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| O, a, os, as.<br><br>Un, unha, uns, unhas.<br><br>Substantivos comúns: nomes de animais e cousas.<br><br>O adxectivo.<br><br>Sílabas e palabras.<br><br>Palabras e oracións.<br><br>Masculino e feminino.<br><br>Singular e plural.<br><br>Concordancia do grupo nominal.<br><br>O verbo.<br><br>O punto e a maiúscula.<br><br>Uso de maiúsculas.<br><br>Dificultades ortográficas (ortografía natural): **r, rr; c, z;** sílabas abertas e sílabas pechadas; **ca, co, cu, que, qui; ga, go, gu, gue, gui.**<br><br>Palabras con **mb, mp, br, bl, pr, pl**.<br><br>Interese por aprender e aplicar as normas ortográficas.<br><br>Vocabulario: sinónimos, comparacións, sentido figurado. | • Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.<br><br>• Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.<br><br>• Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.<br><br>• Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.<br><br>• Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.<br><br>• Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. |

| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Lectura e comprensión de diferentes tipos de textos.<br>Identificación de diferentes tipos de textos.<br>Recoñecemento dos elementos estruturais básicos do conto.<br>Escritura de textos literarios sinxelos a partir dun modelo.<br>Interese pola lectura e escritura de textos narrativos, poéticos e dramáticos.<br>Audición de lecturas rimadas e textos dialogados breves.<br>Interese pola literatura en diferentes linguas. | • Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.<br>• Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.<br>• Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.<br>• Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.<br>• Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.<br>• Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>• Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. |

*6.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias.*

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE | NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) |
|---|---|---|---|
| **B1-1.** Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | **LGB1-1.1.** Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | CCL<br>CAA | **O TEMA DO DISCURSO**<br>Narra feitos e experiencias persoais, expresa opinións e sentimentos seguindo un modelo.<br>Nas súas intervencións, tenta adecuar progresivamente o discurso a diferentes situacións de comunicación.<br>Expresa ideas sobre temas vinculados á súa propia experiencia e intereses máis próximos. Os seus argumentos son puramente subxectivos.<br>Reproduce coas súas propias palabras información de documentos audiovisuais sinxelos.<br>Expresa os seus sentimentos e as emocións e é capaz de indicar algunhas causas que os |
| **B1-2.** Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes. | **LGB1-2.1.** Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1-3.** Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | **LGB1-3.1.** Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.<br><br>**LGB1-3.2.** Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.<br><br>**LGB1-3.3.** Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.<br><br>**LGB1-3.4.** Participa no traballo en pequeno grupo. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CSIEE | producen.<br><br>Interésase por participar nas situacións de comunicación nas que se abordan temas próximos aos seus intereses.<br><br>Adquire progresiva seguridade nas súas intervencións en diferentes situacións comunicativas.<br><br>**A ORGANIZACIÓN DO DISCURSO**<br><br>Organiza as ideas do seu discurso en función de criterios temporais e espaciais.<br><br>Reproduce textos orais imitando modelos.<br><br>Responde preguntas concretas sobre o contido de contos e de textos orais relacionados con temas da súa contorna.<br><br>**A INTERACCIÓN CO INTERLOCUTOR**<br><br>Presta atención ás intervencións dos demais.<br><br>Escoita atentamente textos orais de diferente extensión.<br><br>Adapta o seu discurso ao interlocutor atendendo á linguaxe verbal e á linguaxe non verbal. |
| **B1-4.** Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais. | **LGB1-4.1.** Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.<br><br>**LGB1-4.2.** Respecta as opinións da persoa que fala, en | CCL<br><br>CSC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | situacións comunicativas cotiás. | | Lembra os datos necesarios para participar nunha conversación sobre o contido dun texto.<br><br>Esfórzase por captar a atención do seu interlocutor e por utilizar unha linguaxe adecuada ao seu nivel de comprensión.<br><br>Mostra sensibilidade cara ao seu interlocutor, interésase por comprender as súas razóns e exprésase en consecuencia.<br><br>Respecta as normas básicas do intercambio comunicativo: escoitar, non interromper, utilizar un ton e un volume de voz adecuados…<br><br>Emprega fórmulas sinxelas de tratamento para saudar, despedirse, presentarse…<br><br>**O VOCABULARIO**<br><br>Emprega un vocabulario progresivamente máis adecuado ao tema que trata.<br><br>Emprega estratexias diferentes para comprender o significado de palabras novas: lectura en voz alta e contextualización.<br><br>Mostra interese por coñecer palabras novas e utilizalas en diferentes contextos.<br><br>**A MEMORIA AUDITIVA E** |
| **B1-5.** Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | **LGB1-5.1.** Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.<br><br>**LGB1-5.2.** Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.<br><br>**LGB1-5.3.** Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.<br><br>**LGB1-5.4.** Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.<br><br>**LGB1-5.5.** Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CCEC | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **LGB1-5.6.** Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | | **A EXPRESIVIDADE**<br><br>Memoriza e recita parte de textos poéticos, adiviñas, retahílas… con dicción clara e con progresiva expresividade. |
| **B1-6.** Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | **LGB1-6.1.** Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | CCL<br><br>CAA | |
| **B1-7.** Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo. | **LGB1-7.1.** Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSIEE | |
| **B1-8.** Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | **LGB1-8.1.** Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | CCL<br><br>CAA<br><br>CCEC<br><br>CSIEE | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B1-9.** Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. | **LGB1-9.1.** Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.<br><br>**LGB1-9.2.** Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | CCL<br>CSC | |
| **B1-10.** Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | **LGB1-10.1.** Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...<br><br>**LGB1-10.2.** Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | CCL<br>CCEC<br>CSC | |
| **B2-1.** Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou | **LGB2-1.1.** Comprende a información relevante de textos sinxelos, | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC | **LECTURA AUTÓNOMA**<br><br>Le palabras coas grafías das letras coñecidas.<br><br>Le sílabas, palabras e oracións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| procedentes dos medios de comunicación. | sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.<br><br>**LGB2-1.2.** Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br><br>**LGB2-1.3.** Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e | CSIEE | Le palabras a partir da súa descomposición en sílabas.<br><br>Le palabras e oracións con grupos consoánticos.<br><br>Le todo tipo de palabras e oracións formadas por letras coñecidas.<br><br>Entende que a lectura serve para divertirse e para aprender.<br><br>Completa con axuda actividades en soporte dixital.<br><br>**LECTURA EXPRESIVA**<br><br>Le textos curtos coa entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e interrogación).<br><br>**COMPRENSIÓN LITERAL**<br><br>Le e comprende o contido de textos sinxelos apoiándose nas imaxes e na audición do texto.<br><br>Recoñece as ideas principais e os acontecementos relevantes de poemas, contos e textos expositivos e dramáticos moi sinxelos. Expresa verbalmente ou por escrito os contidos.<br><br>**COMPRENSIÓN INFERENCIAL**<br><br>Apóiase nos seus coñecementos previos para comprender globalmente un texto que leu e lembrar algúns detalles. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | explicacións). | | Relaciona textos e imaxes para obter unha comprensión máis completa das súas lecturas. |
| **B2-2.** Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. | **LGB2-2.1.** Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCT | Deduce polo contexto o significado de palabras e expresións.<br>**COMPRENSIÓN ESTRUTURAL**<br>Recoñece marcadores temporais nos textos. |
| **B2-3.** Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | **LGB2-3.1.** Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.<br>**LGB2-3.2.** Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. | CCL<br>CAA | É capaz de expresar detalles dunha historia e as ideas xerais.<br>Comprende a estrutura implícita de textos sinxelos de diferente tipoloxía: secuencia temporal, sucesión de acontecementos, partes do texto, etc.<br>Identifica o obxecto de textos de uso cotián: nota, cartas, postais…<br>Recoñece e sinala elementos da estrutura explícita de textos sinxelos: título, palabras destacadas, función das imaxes, etc. |
| **B2-4.** Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento. | **LGB2-4.2.** Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoos ao seu sitio logo de lelos. | CCL<br>CAA<br>CSC | **LECTURA CRÍTICA E INTERPRETATIVA**<br>Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto.<br>Expresa opinións de forma espontánea sobre textos lidos e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B2-5.** Ter interese por ter unha biblioteca propia. | **LGB2-5.1.** Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. | CCL<br>CAA<br>CSC | arguméntaas.<br>**ACTITUDE**<br>Interésase por facer un bo uso e coidar os libros.<br>Amosa interese pola lectura. |
| **B2-6.** Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | **LGB2-6.1.** Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | |
| **B2-7.** Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | **LGB2-7.1.** Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.<br>**LGB2-7.2.** Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | lecturas feitas. | | |
| **B3-1.** Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | **LGB3-1.1.** Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.<br><br>**LGB3-1.2.** Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.<br><br>**LGB3-1.3.** Usa o punto nos seus escritos.<br><br>**LGB3-1.4.** Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.<br><br>**LGB3-1.5.** | CCL<br><br>CSIEE<br><br>CAA<br><br>CSC | **ORTOGRAFÍA**<br><br>Distingue o uso de diferentes grafías para representar un mesmo son.<br><br>Deletrea correctamente palabras curtas e os erros adoitan ser fonéticamente lóxicos (relación fonema-grafía).<br><br>Coñece e aplica as normas básicas de ortografía.<br><br>Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente.<br><br>Escribe palabras e oracións formadas por letras coñecidas, asociando fonemas e grafías adecuadamente e separando as palabras.<br><br>**SINTAXE E GRAMÁTICA**<br><br>Organiza as ideas en secuencias de oracións, algunhas veces, marcadas por maiúsculas e puntos.<br><br>Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: sílaba, palabra, nomes, accións… |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.<br><br>**LGB3-1.6.** Compón textos relacionados coa escola: listaxes,descricións e explicacións elementais. | | **COMPOSICIÓN**<br><br>Escribe trazos básicos, letras, grupos consoánticos e oracións formadas por letras coñecidas, asociando fonemas e grafías.<br><br>Escribe textos sinxelos: unha nota, un refrán, unha noticia…<br><br>Usa as palabras apropiadas e o vocabulario axustado ao tema do que trate o texto.<br><br>A caligrafía adoita ser regular e correcta nos seus trazos.<br><br>Comprende o espazo do que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras.<br><br>Expresa por escrito gustos, preferencias, desexos e sentimentos e arguméntaos.<br><br>Coñece e aplica estratexias básicas de redacción de textos prestando atención á tipoloxía e ao tema: planificación, organización das ideas e escritura correcta. Empeza a utilizar técnicas básicas de revisión.<br><br>Mostra interese por escribir de forma cada vez máis autónoma e correcta.<br><br>Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde.<br><br>**RECREACIÓN DO TEXTO** |
| **B3-2.** Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | **LGB3-2.1.** Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que escribir*, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | CCL<br><br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B3-3.** Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | **LGB3-3.1.** Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE | Ilustra os seus escritos con imaxes que representan o contido.<br>Mostra interese polo emprego de programas infornáticos de procesamento de textos. |
| **B3-4.** Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | **LGB3-4.1.** Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | |
| **B3-5.** Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. | **LGB3-5.1.** Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido. | CCL<br>CD<br>CSIEE | |
| **B3-6.** Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | **LGB3-6.1.** Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.<br>**LGB3-6.2.** Valora a lingua escrita como medio de | CCL<br>CSC<br>CD<br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | comunicación e de expresión creativa. | | |
| **B4-1.** Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | **LGB4-1.1.** Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas.<br>**LGB4-1.2.** Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.<br>**LGB4-1.3.** Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.<br>**LGB4-1.4.** Sinala o xénero e número de palabras dadas. | CCL<br>CAA | **ORTOGRAFÍA**<br>Deletrea correctamente palabras curtas e os erros adoitan ser fonéticamente lóxicos (relación fonema-grafía).<br>Coñece e aplica as normas básicas de ortografía.<br>Utiliza progresivamente a maiúscula para iniciar as oracións.<br>Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente.<br>**GRAMÁTICA**<br>Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: a sílaba, a palabra, o artigo, o nome, o adxectivo, as accións…<br>Recoñece o número de sílabas dunha palabra e descompón palabras en sílabas.<br>Recoñece os tempos verbais de forma intuitiva e utilízaos correctamente.<br>Identifica de forma intuitiva as funcións que realizan determinadas palabras de diferentes tipos.<br>Recoñece polo uso diferentes clases de palabras.<br>Aplica a concordancia entre os nomes e os determinantes do grupo nominal; e entre o suxeito e o predicado.<br>Respecta a orde das palabras na oración. Empeza a mostrar coñecemento do uso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4-2.** Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas. | **LGB4-2.1.** Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL<br>CSC<br>CCEC | do punto para separar ideas nas oracións.<br>Compara aspectos básicos (gráficos, fonéticos, gramaticais…) das linguas que coñece.<br>**VOCABULARIO**<br>Coñece e aplica, de forma intuitiva, procedementos de formación de palabras.<br>Recoñece de forma intuitiva fenómenos semánticos e utilízaos con progresivo rigor.<br>Nomea palabras que teñan o mesmo significado e que signifiquen o contrario. |
| **B4-3.** Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | **LGB4-3.1.** Recoñece a relación entre son e grafía.<br>**LGB4-3.2.** Separa as palabras que conforman un enunciado. | CCL<br>CAA | |
| **B4-4.** Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | **LGB4-4.1.** Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | CCL<br>CAA | |
| **B5-1.** Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos | **LGB5-1.1.** Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: | CCL<br>CAA<br>CCEC | **TIPOLOXÍAS TEXTUAIS**<br>Entende as diferenzas básicas entre tipoloxías textuais.<br>Recoñece a estrutura narrativa en |

| | | | |
|---|---|---|---|
| literarios, usando modelos. | breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.<br><br>**LGB5-1.2.** Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | | contos e relatos.<br><br>Recoñece o ritmo e a rima como características básicas dos textos poéticos.<br><br>Recoñece os textos expositivos como fontes de información.<br><br>Acode á lectura de forma cada vez máis autónoma para entreterse, para buscar información e aprender.<br><br>**COMPRENSIÓN INFERENCIAL**<br><br>Comprende oracións e textos sinxelos en que se utilicen algúns recursos expresivos como a elipse, o hipérbato, as comparacións ou as metáforas.<br><br>**LECTURA EXPRESIVA**<br><br>Le textos curtos de distintos tipos coa entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e interrogación).<br><br>**LECTURA CRÍTICA**<br><br>Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto (nivel básico previo á crítica).<br><br>Expresa opinións de forma espontánea sobre textos que leu en calquera lingua, e arguméntaas.<br><br>**CREACIÓN E EXPRESIÓN**<br><br>Participa activamente nas actividades lúdicas relacionadas coa |
| **B5-2.** Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | **LGB5-2.1.** Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.<br><br>**LGB5-2.2.** Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | CCL<br><br>CCEC<br><br>CD | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B5-3.** Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos. | **LGB5-3.1.** Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais. | CCL<br>CCEC<br>CSC | linguaxe.<br>Memoriza e reproduce textos orais sinxelos que escoitou.<br>Participa en dramatizacións guiadas e interactúa de forma coherente cos seus compañeiros e compañeiras.<br><br>**ACTITUDE**<br>Ten curiosidade polo coñecemento doutras culturas a partir de textos literarios. |
| **B5-4.** Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | **LGB5-4.1.** Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CSC<br>CCEC | |
| **B5-5.** Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | **LGB5-5.1.** Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | CCL<br>CCEC | |

***6.3. Unidades Didácticas e a súa temporalización.***

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | | |
|---|---|---|
| **OUTUBRO** | **NOVEMBRO** | **DECEMBRO** |
| **UNIDADE 1** | **UNIDADE 2** | **UNIDADE 3** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo e audición: *A casa da aldea.*<br>**LER E ESCRIBIR** | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo e audición: *Magosto no parque da alameda.*<br>**LER E ESCRIBIR** | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo e audición: *Noiteboa en familia.*<br>**LER E ESCRIBIR** |

| | | |
|---|---|---|
| • Vocabulario: a casa da aldea.<br>• Lectoescritura: P, M, L, S, T, D.<br>• Concordancias (*o*, *a*, *os*, *as* + substantivo).<br>• A forma verbal *é* (verbo ser).<br>• Caligrafía e ditado.<br>• Maiúscula inicial no nome propio.<br>• O numeral *dous*, *dúas* (concordancia).<br>• Enunciados coa preposición *de*.<br>• Escritura de oracións (con contraccións *do*, *da*, *dos*, *das*).<br>• Escritura do título dun libro.<br>• Escritura dunha lista. | • Vocabulario: o magosto.<br>• Lectoescritura: N, F, R (son forte), H, H, C/QU, G/GU, R (son suave).<br>• Caligrafía e ditado.<br>• Concordancias (*un*, *uns*, *unha*, *unhas* + substantivo).<br>• Escritura de palabras a partir de sílabas desordenadas.<br>• Ortografía natural: *r* e *rr*.<br>• Ordenación de palabras e escritura de oracións<br>• Texto dialogado: *A rula e o cuco.*<br>• Texto narrativo: *A merenda da ra.* | • Vocabulario: preparación da mesa.<br>• Lectoescritura: B, V, C/ Z, X, LL, Ñ, CH.<br>• Caligrafía e ditado.<br>• Escritura de palabras a partir de sílabas desordenadas.<br>• Concordancia do adxectivo.<br>• Escritura de oracións.<br>• Ortografía natural: *c* e *z*.<br>• Lectura comprensiva dunha invitación.<br>• Formación dun trabalinguas.<br>• Descrición dun personaxe.<br>• Formación de pareados e dramatización do texto. |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | |
| **XANEIRO** | **FEBREIRO** | **MARZO** |
| **UNIDADE 4** | **UNIDADE 5** | **UNIDADE 6** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Visita ás Illas Cíes.*<br>• Audicións: conto: *A casa barco;* canción: *O pirata Metepata.* | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Nevarada na vila.*<br>• Audicións: conto: *Oria e a neve;* poema: *O boneco de neve.* | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Nas dunas de Corrubedo.*<br>• Audicións: conto: *A perla e o deserto;* poema: *As dunas.* |

| | | |
|---|---|---|
| **LER E ESCRIBIR**<br>• Vocabulario: o mar.<br>• Conto: *A casa barco*. Os personaxes, os detalles, o vocabulario.<br>• Lectoescritura: PR e PL; BR e BL.<br>• Ortografía natural: sílabas abertas e sílabas pechadas.<br>• Oracións e palabras.<br>• Palabras con *r* e con *rr*.<br>• Texto informativo sobre os tesouros afundidos.<br>• Canción: *O pirata Metepata.*<br>• Escritura: redactar unha noticia; completar oracións. | **LER E ESCRIBIR**<br>• Vocabulario: a neve.<br>• Conto: *Oria e a neve.* A secuencia dos feitos, o resumo, o vocabulario. Pequeno teatro.<br>• Lectoescritura: CR e CL; GR e GL.<br>• Ortografía natural: sílabas abertas e sílabas pechadas.<br>• Texto poético: *O boneco de neve.*<br>• O substantivo: masculino e feminino.<br>• Palabras con *ga, go, gu, gue, gui.*<br>• Escritura: escribir titulares, completar oracións, ideas para coidar o mar. | **LER E ESCRIBIR**<br>• Vocabulario: o parque natural.<br>• Conto: *A perla e o deserto.* Os personaxes, o vocabulario, a ensinanza. Pequeno teatro.<br>• Lectoescritura: FR e FL; TR e DR.<br>• Ortografía natural: sílabas abertas e sílabas pechadas.<br>• Texto informativo sobre as paisaxes do deserto.<br>• Texto poético: *As dunas.*<br>• O substantivo: singular e plural.<br>• Palabras con *ca, co, cu, que, qui.*<br>• Escritura: completar información, completar oracións, escribir anotacións na axenda. |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | | |
| **ABRIL** | **MAIO** | **XUÑO** |
| **UNIDADE 7** | **UNIDADE 8** | **UNIDADE 9** |
| **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Merenda na beira do río.*<br>• Audicións: conto: *O gran carballo;* poema: *O río.* | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Acampada no Courel.*<br>• Audicións: conto: *O ratiño na montaña;* poema: *O arco da vella.* | **ESCOITAR E FALAR**<br>• Vídeo: *Visita ao Museo da Cultura Castrexa.*<br>• Audicións: conto: *A sabedoría da avoa Elba;* poema: *Os castrexos.* |

<table>
<tr><th>LER E ESCRIBIR</th><th>LER E ESCRIBIR</th><th>LER E ESCRIBIR</th></tr>
<tr>
<td>
<ul>
<li>Vocabulario: o río.</li>
<li>Conto: O gran carballo. O lugar, os detalles, o vocabulario, as accións dos personaxes. Pequeno teatro.</li>
<li>Texto informativo sobre as chairas.</li>
<li>O verbo.</li>
<li>Uso da maiúscula nun escrito.</li>
<li>Texto poético: O río.</li>
<li>Texto informativo sobre a fervenza do Ézaro.</li>
<li>Escritura: completar unha nota; escribir comparacións; completar oracións; escribir unha adiviña.</li>
</ul>
</td>
<td>
<ul>
<li>Vocabulario: a acampada.</li>
<li>Conto: O ratiño na montaña. Os detalles, o vocabulario, a historia. Pequeno teatro.</li>
<li>Cómic: Coidamos o bosque.</li>
<li>Texto poético: O arco da vella. Palabras que riman. Recoñecer o significado dunha metáfora.</li>
<li>O verbo: singular e plural.</li>
<li>Palabras con br e bl.</li>
<li>Texto descritivo sobre o raposo.</li>
<li>Escritura: escribir unha lista, completar un cartel, organizar un horario de actividades, escribir refráns.</li>
</ul>
</td>
<td>
<ul>
<li>Vocabulario: a cultura castrexa.</li>
<li>Conto: A sabedoría da avoa Elba. Os detalles, as accións, o vocabulario. Pequeno teatro.</li>
<li>Texto poético: Os castrexos.</li>
<li>Textos e imaxes: A vida nas covas.</li>
<li>O verbo: presente, pasado e futuro.</li>
<li>Palabras con m antes de b e p.</li>
<li>Escritura: escribir instrucións, completar estrofas.</li>
</ul>
</td>
</tr>
</table>

## 7. CIENCIAS DA NATUREZA

### Ciencias da Natureza

‹‹As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso medio e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través das ciencias da natureza achegámonos ao traballo científico e á súa contribución ao desenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que lles axude a desenvolver as competencias necesarias para desenvolverse nunha realidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

O desenvolvemento da ciencia e a actividade científica é unha das claves esenciais para entender a evolución da humanidade. Na actualidade, a ciencia é un instrumento indispensable para

comprender o mundo que nos rodea e os seus cambios, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relacionados cos seres vivos, os recursos e o medio natural. Por todo iso, os coñecementos científicos intégranse no currículo básico da Educación Primaria e deben formar parte da educación de todos os alumnos e alumnas.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas››.

Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- **Bloque 1.** Iniciación á actividade científica.
- **Bloque 2.** O ser humano e a saúde.
- **Bloque 3.** Os seres vivos.
- **Bloque 4.** Materia e enerxía.
- **Bloque 5.** A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

### *7.1. Contidos*

| **BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA** | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Desenvolvemento do pensamento científico.<br>Procura e selección da información utilizando as TIC.<br>Utilización, de maneira adecuada, do vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contido.<br>Elaboración de pequenos experimentos ou experiencias sobre fenómenos naturais.<br>Utilización de medios propios da observación. | • Iniciación á actividade científica.<br>• Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br>• Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>• Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.<br>• O traballo cooperativo.<br>• Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. |

| | |
|---|---|
| Repartición do traballo e adquisición de compromisos.<br>Curiosidade por cooperar en grupo en igualdade e respecto cara a todos os seus compoñentes.<br>Iniciación no desenvolvemento de estratexias para realizar traballos de maneira individual e en equipo e mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.<br>Desenvolvemento de hábitos de traballo que fomentan o esforzo e a responsabilidade | • Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. |

**BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE**

| CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO | CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO |
|---|---|
| Partes do corpo humano.<br>A función de relación:<br>• A percepción de contorna, sensacións e emocións. A exploración da contorna a través dos sentidos.<br>• Movemento e deporte. Os atletas.<br>O coidado do propio corpo (alimentación, hixiene, actividade e descanso).<br>A alimentación saudable.<br>A orixe dos alimentos e os tipos de alimentos.<br>Hábitos para a prevención de enfermidades. | • Identificación do home e da muller como seres vivos.<br>• Comparación con outros seres vivos.<br>• Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.<br>• Identificación das partes do corpo humano.<br>• Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos.<br>• Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.<br>• Identificación de alimentos diarios necesarios.<br>• Análise e costumes na alimentación diaria. |

| | |
|---|---|
| Emocións e sentimentos propios e dos demais. A empatía. Resolución pacífica de conflitos.<br><br>Aceptación do propio corpo e do dos demais coas súas limitacións, posibilidades, semellanzas e diferenzas. | |
| **BLOQUE 3: OS SERES VIVOS** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Os seres vivos e os obxectos inertes.<br><br>Os seres vivos: animais e plantas. Diferenzas.<br><br>Os animais e as plantas relevantes da súa contorna: hortos, acuarios, terrarios na aula.<br><br>Observación e estudo dos animais e das plantas.<br><br>Observación directa e indirecta de animais. Clasificación segundo elementos observables, identificación e denominación.<br><br>Seres vivos: animais e plantas no outono.<br><br>As plantas. Partes e clasificación.<br><br>Relación dos seres humanos cos animais e as plantas.<br><br>Ecosistemas.<br><br>Hábitos de coidado e respecto cara | • Os seres vivos: as plantas e os animais. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. A estrutura e a fisioloxía das plantas. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.<br>• Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.<br>• Observación e identificación de animais e plantas do contorno.<br>• Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes.<br>• Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno. |

| | |
|---|---|
| aos animais e as plantas.<br><br>Protección dos espazos naturais. | |
| **BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Os materiais e os obxectos.<br><br>Uso dos materiais.<br><br>Propiedades dos materiais.<br><br>Clasificación dos materiais segundo criterios elementais.<br><br>Recursos do medio físico: luz solar, auga, aire, terra e vexetación. Relación coa vida das persoas, o aforro enerxético e a protección do medio ambiente.<br><br>O coidado e respecto do medioambiente. Reciclaxe.<br><br>Características dalgúns obxectos e a súa relación co uso ao que se destinan.<br><br>Recoñecemento da relación das máquinas coa necesidade de enerxía para o seu funcionamento. | • Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.<br>• Uso responsable da auga na vida cotidiá.<br>• Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.<br>• Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade. |
| **BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Máquinas e aparellos.<br><br>Observación de máquinas e aparellos e o seu funcionamento.<br><br>Máquinas antigas e modernas. | • Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.<br>• Manipulación e observación do funcionamento de aparellos |

| | |
|---|---|
| As máquinas e as súas fontes de enerxía.<br><br>Comportamentos asociados á seguridade persoal.<br><br>Depósito, reutilización e reciclaxe de residuos.<br><br>O ordenador.<br><br>O uso das Tecnoloxías da información. | sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoira, espremedor, etc.).<br>• Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá.<br>• Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br>• Coidado dos recursos informáticos. |

*7.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias.*

| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** | **NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES)** |
|---|---|---|---|
| **B1-1.** Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | **CNB1-1.1.** Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.<br><br>**CNB1-1.2.** Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de | CAA<br><br>CCL<br><br>CMCT<br><br>CSIEE<br><br>CCEC<br><br>CD | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br><br>Describe elementos e fenómenos relacionados coas Ciencias da Natureza con orde e claridade.<br><br>Explica coas súas propias palabras os procesos de observación e descrición que segue.<br><br>Amplía o seu vocabulario e utilízao con progresivo rigor.<br><br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br><br>Comprende e interpreta informacións que obtén de diferentes soportes: textos, imaxes, gráficos, táboas… |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | | Expresa oralmente a información apoiándose en gráficos e textos.<br>Comprende a importancia do traballo ben presentado.<br>**RELACIONAR**<br>Establece relacións entre as súas aprendizaxes novas e a súa experiencia previa e expresa ditas relacións achegando progresivamente máis datos.<br>Formula hipóteses sobre as súas observacións.<br>Fai deducións e xeralizacións a partir das súas observacións.<br>Reelabora informacións para trasladar datos que obtivo en gráficos a textos e viceversa.<br>**ACTITUDE**<br>Toma iniciativas e manifesta progresiva autonomía nas súas tarefas.<br>Participa en actividades do grupo e móstrase cortés e integrado.<br>Móstrase flexible e dialogante nas súas relacións en diferentes ámbitos.<br>Manifesta responsabilidade nas súas tarefas individuais e nos contextos cooperativos. |
| **B1-2.** Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | **CNB1-2.1.** Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | CAA<br>CMCT<br>CSC<br>CSIEE | |
| **B2-1.** Identificar semellanzas e diferenzas entre as | **CNB2-1.1.** Identifica semellanzas e | CMCT<br>CCL | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>Observa, identifica e describe as |

| | | | |
|---|---|---|---|
| persoas valorando a diversidade. | diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.<br>**CNB2-1.2.** Recoñece partes do propio corpo.<br>**CNB2-1.3.** Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | CSIEE | principais partes do corpo humano e as súas características.<br>Identifica as articulacións do corpo.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>Clasifica alimentos segundo a súa orixe e a súa achega á dieta.<br>Identifica hábitos de alimentación saudables, e aplica a información ao deseño de dietas equilibradas.<br>Progresa na identificación das emocións e dos sentimentos propios e dos seus compañeiros e compañeiras e manifesta condutas empáticas.<br>**RELACIONAR**<br>Recoñece a relación que existe entre as articulacións e o movemento.<br>Relaciona os hábitos saudables co benestar persoal e explica situacións nas que sente ben/mal.<br>**ACTITUDE**<br>Manifesta condutas de hixiene e aseo persoal, valorando a hixiene, o descanso, o uso adecuado do tempo libre, desenvolvendo hábitos para o coidado do corpo, e de aceptación do seu corpo e do dos |
| **B2-2.** Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | **CNB2-2.1.** Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.<br>**CNB2-2.2.** Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. | CMCT<br>CSC | |
| **B2-3.** Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | **CNB2-3.1.** Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. | CMCT<br>CSIEE | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | demais.<br>Identifica as súas posibilidades e as súas limitacións aceptando as diferenzas, poñendo de manifesto esa aceptación.<br>Identifica e desenvolve hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro. |
| **B3-1.** Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | **CNB3-1.1.** Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.<br>**CNB3-1.2.** Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.<br>**CNB3-1.3.** Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CMCT<br>CCL | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>Observa e identifica formas de vida e expón de forma razoada as diferenzas entre os seres vivos e os obxectos inertes.<br>Observa, identifica e describe as características básicas das plantas e dos animais.<br>Observa, identifica e describe as plantas e os animais que observa nas imaxes.<br>Observa e identifica as características dos animais vertebrados.<br>Observa, identifica e clasifica as plantas.<br>Utiliza diversas fontes de forma dirixida, para observar e identificar as plantas.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>Asocia diferentes plantas e animais coa contorna en que |
| **B3-2.** Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, | **CNB3-2.1.** Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes. | CMCT<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CD | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| empregando diferentes soportes. | | | viven.<br><br>Relaciona e describe os cambios que experimentan as plantas coas estacións do ano.<br><br>Observa, identifica e describe algúns patróns de relación entre os seres humanos, as plantas e os animais.<br><br>**RELACIONAR**<br><br>Formula hipóteses e infere aspectos relevantes das características dos animais e das plantas.<br><br>**ACTITUDE**<br><br>Identifica e practica hábitos adecuados de coidado e respecto cara os animais e as plantas.<br><br>Interésase pola observación e o estudo da contorna natural. |
| **B4-1.** Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola. | **CNB4-1.1.** Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.<br><br>**CNB4-1.2.** Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola. | CMCT<br><br>CSC<br><br>CSIEE | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br><br>Observa, identifica e describe algúns dos materiais.<br><br>Observa, identifica, analiza e escribe as diferenzas entre algunhas das propiedades elementais dos materiais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4-2.** Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. | **CNB4-2.1.** Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. | CMCT | **COMPRENDER E COMPARAR**<br>Clasifica materiais segundo a súa orixe (animal, vexetal ou mineral).<br>Observa, identifica e analiza algúns elementos do medio físico e dos seus recursos (luz solar, aire, auga, terra, vexetación), valorando a importancia das medidas de protección e do coidado do medio ambiente.<br>**RELACIONAR**<br>Relaciona as características dos materiais dun obxecto co seu uso.<br>**ACTITUDE**<br>Mostra interese por observar e comprender os procesos de cambio na natureza.<br>Mostra interese pola reciclaxe e a reutilización de obxectos e adopta medidas de uso responsable da auga. |
| **B5-1.** Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e | **CNB5-1.1.** Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.<br>**CNB5-1.2.** Identifica e manexa algúns aparellos e | CMCT<br>CSC<br>CSIEE<br>CCL | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>Recoñece e nomea diferentes oficios da súa contorna próxima.<br>Clasifica máquinas atendendo ao seu modo de funcionamento.<br>**COMPRENDER E COMPARAR** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| utilizalos con seguridade evitando estereotipos sexistas. | máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. | | Analiza máquinas antigas e modernas. Establece diferenzas e comprende os beneficios que achegan os avances tecnolóxicos.<br>Identifica os compoñentes básicos dun ordenador e fai un uso adecuado deles.<br>**ACTITUDE**<br>Valora os beneficios que achegan as máquinas de uso diario. |
| **B5-2.** Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | **CNB5-2.1.** Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.<br>**CNB5-2.2.** Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | CAA<br>CD<br>CCL | |

### *7.3. Unidades didácticas e a súa temporalización*

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | | |
|---|---|---|
| **OUTUBRO** | **NOVEMBRO** | **DECEMBRO** |
| **UNIDADE 1** | **UNIDADE 2** | **UNIDADE 3** |
| **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Sentimentos e emocións.<br>• Sentidos e sensacións.<br>• O corpo e o movemento.<br>• Partes do corpo.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• Gustos persoais.<br>• Os meus movementos. | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Seres vivos e as súas características.<br>• Os seres vivos e o paso do tempo.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• Seres vivos e obxectos inertes.<br>• Alimentación dos seres | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Necesidades das persoas. Benestar persoal.<br>• Hábitos de coidado dun mesmo.<br>• Coidados que recibimos doutros.<br>• Alimentos para estar sans.<br>**COMPRENDER E COMPARAR** |

| | | |
|---|---|---|
| • A función das articulacións.<br>**RELACIONAR**<br>• Emocións e causas posibles. | vivos.<br>• Animais e plantas en outono.<br>**RELACIONAR**<br>• Características de diferentes seres vivos. | • Alimentos en diferentes comidas.<br>**RELACIONAR**<br>• Preferencias persoais e hábitos saudables. |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | |
| **XANEIRO** | **FEBREIRO** | **MARZO** |
| **UNIDADE 4** | **UNIDADE 5** | **UNIDADE 6** |
| **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os seres vivos do mar: os peixes e outros animais.<br>• Os sentidos e as sensacións.<br>• Un animal mariño: a quenlla.<br>• Os materiais dos que están feitos os barcos.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• Os animais mariños: a balea, a candorca, a quenlla e o golfiño.<br>**RELACIONAR**<br>• Os tamaños de diferentes animais mariños. | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os tipos de animais que viven en lugares fríos.<br>• Un animal do polo: o oso polar.<br>• O desxeo dos polos.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• As características de diferentes tipos de animais.<br>• As accións de protección do medio natural<br>**RELACIONAR**<br>• As adaptacións do oso polar co seu hábitat. | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os seres vivos e a auga.<br>• Un animal do deserto: o dromedario.<br>• Os materiais naturais e os materiais artificiais.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• A orixe dos materiais.<br>**RELACIONAR**<br>• Os materiais que se utilizan na construción das casas no deserto.<br>• As adaptacións do dromedario co seu hábitat. |

| TERCEIRO TRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| ABRIL | MAIO | XUÑO |
| **UNIDADE 7** | **UNIDADE 8** | **UNIDADE 9** |
| **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os animais das chairas.<br>• A alimentación dos animais.<br>• As características dos animais.<br>• As características das plantas.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• Tipos de animais e as súas características físicas.<br>• Tipos de plantas: árbores, arbustos e herbas.<br>**RELACIONAR**<br>• As cadeas alimentarias. | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os seres vivos das montañas: os animais e as plantas.<br>• Os seres da lagoa: os animais e as plantas.<br>• As características do piñeiro.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• Os animais e as plantas en diferentes partes das montañas.<br>**RELACIONAR**<br>• As características de diferentes seres vivos. | **OBSERVAR E DESCRIBIR**<br>• Os materiais. Características dalgúns materiais.<br>• As máquinas e a enerxía.<br>• As máquinas antigas e as máquinas modernas.<br>**COMPRENDER E COMPARAR**<br>• As máquinas de diferentes épocas e o seu funcionamento.<br>**RELACIONAR**<br>• Os materiais e a súa procedencia.<br>• As máquinas e a súa fonte de enerxía. |

## 8. CIENCIAS SOCIAIS

‹‹Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva››.

Os bloques nos que se distribúen a contidos da área son os seguintes:

- **Bloque 1.** Contidos comúns.

- **Bloque 2.** O mundo que nos rodea.
- **Bloque 3.** Vivir en sociedade.
- **Bloque 4.** As pegadas do tempo.

### *8.1. Contidos*

| BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Procura da información en diferentes fontes.<br><br>Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e simbólicos.<br><br>Obtención da información mediante a formulación de preguntas.<br><br>Iniciativa persoal.<br><br>Exposicións orais.<br><br>Traballo individual e en grupo.<br><br>A convivencia. O diálogo.<br><br>Planificación de tarefas.<br><br>Desenvolvemento do autocoñecemento, a autoestima e a autonomía.<br><br>Utilización da dinámica de grupo: a asemblea (cumprimento de normas: tempo de espera, quendas de palabra…). | • O establecemento de conxecturas, de predicións e a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.<br><br>• Propostas de traballo que xurdan dunha situación, problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br><br>• Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.<br><br>• Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.<br><br>• O traballo en equipo.<br><br>• Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br><br>• Valoración do esforzo e coidado do material.<br><br>• A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.<br><br>• Utilización da terminoloxía propia da área. |

| BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| O medio natural.<br>Observación dos trazos principais do medio natural.<br>O Sol. Características. A súa importancia para a vida na Terra.<br>O día e a noite. A lúa e as estrelas.<br>Os fenómenos atmosféricos.<br>Representación simbólica de datos climáticos<br>A atmosfera.<br>Aparellos de medida de datos atmosféricos.<br>Mapas do tempo.<br>Características dos elementos básicos do medio físico: a auga, a terra…<br>Océanos e continentes.<br>Observación das características das rochas e dos minerais por medio dos sentidos.<br>Masas e cursos de auga.<br>Estados da auga.<br>A auga. A súa importancia para a vida dos seres vivos. Uso cotián e consumo responsable.<br>A paisaxe natural. Elementos. Paisaxes dos polos. Paisaxes do deserto. A chaira. Paisaxes de montaña.<br>A paisaxe e os seres humanos.<br>A contaminación ambiental. A conservación do medio ambiente. Ecoloxía.<br>Orientación espacial básica. | • A contorna física: observacións das características principais.<br>• O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables.<br>• O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital...<br>• Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite.<br>• Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza. |

| BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE | |
|---|---|
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| A casa. Tipos.<br>A rúa. Elementos.<br>O barrio. Persoas do barrio e os seus elementos.<br>Normas de convivencia no barrio, a familia, a escola. O respecto e a tolerancia.<br>Dereitos e deberes das persoas.<br>Aldeas, vilas e cidades. Características. Diferenzas.<br>Percorridos e traxectos curtos nun plano sinxelo da cidade ou o vila.<br>Tipos de transporte. Diferenzas. Uso.<br>Sinais de tráfico. | • As relacións de parentesco e roles familiares.<br>• A escola: organización escolar, os membros e os seus roles,espazos físicos e recursos.<br>• Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.<br>• A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.<br>• Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.<br>• Educación viaria. Camiñando pola rúa.<br>• Manifestacións culturais da contorna. |
| **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO** | |
| **CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO** | **CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO** |
| Nocións básicas de tempo e o seu uso: antes, despois, onte, hoxe, mañá, os días da semana, os meses do ano e as estacións.<br>O calendario e o paso do tempo.<br>Ordenación de secuencias temporais.<br>Os cambios co paso do tempo.<br>Ordenación cronolóxica de feitos relevantes da vida persoal, familiar e escolar. Utilización das unidades | • Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal.<br>• Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. |

| | |
|---|---|
| básicas de tempo: hora, día, mes e ano.<br><br>Personaxes da historia.<br><br>Obxectos e actividades da vida das persoas en distintas épocas.<br><br>Utilización de fontes orais e da información proporcionada por fotografías e recordos familiares. | |

### *8.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias*

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE | NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) |
|---|---|---|---|
| Reproduce coas súas propias palabras ideas xerais que escoitou. | | | | | | | | | |
| Expresa os seus sentimentos e as emocións e é capaz de indicar algunhas causas que os producen. | | | | | | | | | |
| Interésase por participar nas situacións de comunicación nas que se abordan temas próximos aos seus intereses. | | | | | | | | | |
| Adquire progresiva seguridade nas súas intervencións en diferentes situacións comunicativas. | | | | | | | | | |
| **A ORGANIZACIÓN DO DISCURSO** | | | | | | | | | |
| Organiza as ideas do seu discurso en función de criterios temporais e espaciais. | | | | | | | | | |
| Reproduce textos orais imitando modelos. | | | | | | | | | |
| Responde preguntas concretas sobre o contido de contos e de textos orais relacionados con temas da súa contorna. | | | | | | | | | |
| **A INTERACCIÓN CO INTERLOCUTOR** | | | | | | | | | |
| Presta atención ás intervencións | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| dos demais. | | | | | | | | | |
| Escoita atentamente textos orais de diferente extensión. | | | | | | | | | |
| Adapta o seu discurso ao interlocutor atendendo á linguaxe verbal e á linguaxe non verbal. | | | | | | | | | |
| Lembra os datos necesarios para participar nunha conversación sobre o contido dun texto. | | | | | | | | | |
| Esfórzase por captar a atención do seu interlocutor e por utilizar unha linguaxe adecuada ao seu nivel de comprensión. | | | | | | | | | |
| Mostra sensibilidade cara ao seu interlocutor, interésase por comprender as súas razóns e exprésase en consecuencia. | | | | | | | | | |
| Respecta as normas básicas do intercambio comunicativo: escoitar, non interromper, utilizar un ton e un volume de voz adecuados… | | | | | | | | | |
| Emprega fórmulas sinxelas de tratamento para saudar, despedirse, presentarse… | | | | | | | | | |
| **O VOCABULARIO** | | | | | | | | | |
| Emprega un vocabulario progresivamente máis adecuado ao tema que trata. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Emprega estratexias diferentes para comprender o significado de palabras novas: lectura en voz alta e contextualización. | | | | | | | | | |
| Mostra interese por coñecer palabras novas e utilizalas en diferentes contextos. | | | | | | | | | |
| **A MEMORIA AUDITIVA E A EXPRESIVIDADE** | | | | | | | | | |
| Memoriza e recita parte de textos poéticos, adiviñas, retahílas… con dicción clara e con progresiva expresividade. | | | | | | | | | |

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **LECTURA AUTÓNOMA** | | | | | | | | | |
| Le palabras coas grafías das letras coñecidas. | | | | | | | | | |
| Le sílabas, palabras e oracións. | | | | | | | | | |
| Le palabras a partir da súa descomposición en sílabas. | | | | | | | | | |
| Le palabras e oracións con grupos consoánticos. | | | | | | | | | |
| Le todo tipo de palabras e oracións formadas por letras coñecidas. | | | | | | | | | |
| Entende que a lectura serve para divertirse e para aprender. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Completa con axuda actividades en soporte dixital. | | | | | | | | | |
| **LECTURA EXPRESIVA** | | | | | | | | | |
| Le textos curtos coa entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e interrogación). | | | | | | | | | |
| **COMPRENSIÓN LITERAL** | | | | | | | | | |
| Le e comprende o contido de textos sinxelos apoiándose nas imaxes e na audición do texto. | | | | | | | | | |
| Recoñece as ideas principais e os acontecementos relevantes de poemas, contos e textos expositivos e dramáticos muy sinxelos. Expresa verbalmente ou por escrito os contidos. | | | | | | | | | |
| **COMPRENSIÓN INFERENCIAL** | | | | | | | | | |
| Apóiase nos seus coñecementos previos para comprender globalmente un texto que leu e lembrar algúns detalles. | | | | | | | | | |
| Relaciona textos e imaxes para obter unha comprensión máis completa das súas lecturas. | | | | | | | | | |
| Deduce polo contexto o significado de palabras e expresións. | | | | | | | | | |
| **COMPRENSIÓN ESTRUTURAL** | | | | | | | | | |
| Recoñece marcadores temporais nos textos. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| É capaz de expresar detalles dunha historia e as ideas xerais. | | | | | | | | | |
| Comprende a estrutura implícita de textos sinxelos de diferente tipoloxía: secuencia temporal, sucesión de acontecementos, partes do texto, etc. | | | | | | | | | |
| Identifica o obxecto de textos de uso cotián: nota, cartas, postais… | | | | | | | | | |
| Recoñece e sinala elementos da estrutura explícita de textos sinxelos: título, subtítulos, palabras destacadas, función das imaxes, etc. | | | | | | | | | |
| **LECTURA CRÍTICA E INTERPRETATIVA** | | | | | | | | | |
| Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto (nivel básico previo á crítica). | | | | | | | | | |
| Expresa opinións de forma espontánea sobre textos lidos e arguméntaas. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Interésase por facer un bo uso e coidar os libros. | | | | | | | | | |
| Amosa interese pola lectura. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ORTOGRAFÍA** | | | | | | | | | |
| Distingue o uso de diferentes grafías para representar un mesmo son. | | | | | | | | | |
| Deletrea correctamente palabras curtas e, os erros, adoitan ser fonéticamente lóxicos (relación fonema-grafía). | | | | | | | | | |
| Coñece e aplica normas básicas de ortografía. | | | | | | | | | |
| Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente. | | | | | | | | | |
| Escribe palabras e oracións formadas polas letras coñecidas, asociando fonemas e grafías adecuadamente e separando as palabras. | | | | | | | | | |
| **SINTAXE E GRAMÁTICA** | | | | | | | | | |
| Organiza as ideas en secuencias de oracións, algunhas veces, marcadas por maiúsculas e puntos. | | | | | | | | | |
| Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: sílaba, palabra, nomes, accións… | | | | | | | | | |

| COMPOSICIÓN | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Escribe trazos básicos, letras, grupos consoánticos e oracións formadas por letras coñecidas, asociando fonemas e grafías. | | | | | | | | | |
| Escribe textos sinxelos: unha nota, un refrán, unha noticia… | | | | | | | | | |
| Usa as palabras apropiadas e o vocabulario adecuado ao tema do que trate o texto. | | | | | | | | | |
| A caligrafía adoita ser regular e correcta nos seus trazos. | | | | | | | | | |
| Comprende o espazo do que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras. | | | | | | | | | |
| Expresa por escrito gustos, preferencias, desexos e sentimentos e arguméntaos. | | | | | | | | | |
| Coñece e aplica estratexias básicas de redacción de textos prestando atención á tipoloxía e ao tema: planificación, organización das ideas e escritura correcta. Empeza a utilizar técnicas básicas de revisión. | | | | | | | | | |
| Mostra interese por escribir de forma cada vez máis autónoma e correcta. | | | | | | | | | |
| Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **RECREACIÓN DO TEXTO** | | | | | | | | | |
| Ilustra os seus escritos con imaxes que representan o contido. | | | | | | | | | |
| Mostra interese polo emprego de programas informáticos de procesamento de textos. | | | | | | | | | |

**BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ORTOGRAFÍA** | | | | | | | | | |
| Deletrea correctamente palabras curtas e os erros adoitan ser fonéticamente lóxicos (relación fonema-grafía). | | | | | | | | | |
| Coñece e aplica as normas básicas de ortografía. | | | | | | | | | |
| Utiliza progresivamente a maiúscula para iniciar as oracións. | | | | | | | | | |
| Apóiase na súa memoria visual para escribir palabras correctamente. | | | | | | | | | |
| **GRAMÁTICA** | | | | | | | | | |
| Identifica e utiliza conceptos gramaticais moi xerais: a sílaba, a palabra, o artigo, o nome, o adxectivo, as accións… | | | | | | | | | |
| Recoñece o número de sílabas | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| dunha palabra e descompón palabras en sílabas. | | | | | | | | | |
| Recoñece os tempos verbais de forma intuitiva e utilízaos correctamente. | | | | | | | | | |
| Identifica de forma intuitiva as funcións que realizan determinadas palabras de diferentes tipos. | | | | | | | | | |
| Recoñece polo uso diferentes clases de palabras. | | | | | | | | | |
| Aplica a concordancia entre os nomes e os determinantes do grupo nominal; e entre o suxeito e o predicado. | | | | | | | | | |
| Respecta a orde das palabras na oración. Empeza a mostrar coñecemento do punto para separar ideas nas oracións. | | | | | | | | | |
| Compara aspectos básicos (gráficos, fonéticos, gramaticais…) das linguas que coñece. | | | | | | | | | |
| **VOCABULARIO** | | | | | | | | | |
| Coñece e aplica, de forma intuitiva, procedementos de formación de palabras. | | | | | | | | | |
| Recoñece de forma intuitiva fenómenos semánticos e utilízaos con progresivo rigor. | | | | | | | | | |
| Nomea palabras que teñen o mesmo significado e que | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| significuen o contrario. | | | | | | | | | |

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **TIPOLOXÍAS TEXTUAIS** | | | | | | | | | |
| Entende as diferenzas básicas entre tipoloxías textuais. | | | | | | | | | |
| Recoñece a estrutura narrativa en contos e relatos. | | | | | | | | | |
| Recoñece o ritmo e a rima como características básicas dos textos poéticos. | | | | | | | | | |
| Recoñece os textos expositivos como fontes de información. | | | | | | | | | |
| Acode á lectura de forma cada vez máis autónoma para entreterse, para buscar información e aprender. | | | | | | | | | |
| **COMPRENSIÓN INFERENCIAL** | | | | | | | | | |
| Comprende oracións e textos sinxelos en que se utilicen algúns recursos expresivos como a elipse, o hipérbato, as comparacións ou as metáforas. | | | | | | | | | |
| **LECTURA EXPRESIVA** | | | | | | | | | |
| Le textos curtos de distintos tipos con entoación adecuada e respectando a puntuación (coma, punto, admiración e | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| interrogación). | | | | | | | | | |
| **LECTURA CRÍTICA** | | | | | | | | | |
| Contesta preguntas sinxelas para expresar os seus propios gustos respecto dun texto (nivel básico previo á crítica). | | | | | | | | | |
| Expresa opinións de forma espontánea sobre textos que leu en calquera lingua, e arguméntaas. | | | | | | | | | |
| **CREACIÓN E EXPRESIÓN** | | | | | | | | | |
| Participa activamente nas actividades lúdicas relacionadas coa linguaxe. | | | | | | | | | |
| Memoriza e reproduce textos orais sinxelos que escoitou. | | | | | | | | | |
| Participa en dramatizacións guiadas e interactúa de forma coherente cos seus compañeiros e compañeiras. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Ten curiosidade polo coñecemento doutras culturas a partir de textos literarios. | | | | | | | | | |

## CIENCIAS DA NATUREZA, BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Describe elementos e fenómenos relacionados con Ciencias da Natureza con orde e claridade. | | | | | | | | | |
| Explica coas súas propias palabras os procesos de observación e descrición que segue. | | | | | | | | | |
| Amplía o seu vocabulario e utilízao con progresivo rigor. | | | | | | | | | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Comprende e interpreta informacións que obtén de diferentes soportes: textos, imaxes, gráficos, táboas… | | | | | | | | | |
| Expresa oralmente a información apoiándose en gráficos e textos. | | | | | | | | | |
| Comprende a importancia do traballo ben presentado. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Establece relacións entre as súas aprendizaxes novas e a súa experiencia previa e expresa ditas relacións achegando progresivamente máis datos. | | | | | | | | | |
| Formula hipóteses sobre as súas observacións. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fai deducións e xeralizacións a partir das súas observacións. | | | | | | | | | |
| Reelabora informacións para trasladar datos que obtivo en gráficos a textos e viceversa. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA (CONTINUACIÓN)

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMERCURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Toma iniciativas e manifesta progresiva autonomía nas súas tarefas. | | | | | | | | | |
| Participa en actividades do grupo e móstrase cortés e integrado. | | | | | | | | | |
| Móstrase flexible e dialogante nas súas relacións en diferentes ámbitos. | | | | | | | | | |
| Manifesta responsabilidade nas súas tarefas individuais e nos contextos cooperativos. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e describe as principais partes do corpo humano e as súas características. | | | | | | | | | |
| Identifica as articulacións do corpo. | | | | | | | | | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Clasifica alimentos segundo a súa orixe e a súa achega á dieta. | | | | | | | | | |
| Identifica hábitos de alimentación saudables, e aplica a información ao deseño de dietas equilibradas. | | | | | | | | | |
| Progresa na identificación das emocións e dos sentimentos propios e dos seus compañeiros e compañeiras e manifesta condutas empáticas. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Relaciona os hábitos saudables co benestar persoal e explica situacións nas que sente ben/mal. | | | | | | | | | |
| Recoñece a relación que existe entre as articulacións e o movemento. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Manifesta condutas de hixiene e aseo persoal, valorando a hixiene, o descanso, o uso adecuado do tempo libre, desenvolvendo hábitos para o coidado do corpo, e de aceptación do | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| seu corpo e do dos demais. | | | | | | | | | |
| Identifica as súas posibilidades e as súas limitacións aceptando as diferenzas, pondo de manifesto dita aceptación. | | | | | | | | | |
| Identifica e desenvolve hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro. | | | | | | | | | |

**BLOQUE 3. OS SERES VIVOS**

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Observa e identifica formas de vida e expón de forma razoada as diferenzas entre os seres vivos e os obxectos inertes. | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e describe as características básicas das plantas e dos animais. | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e describe as plantas e os animais que observa nas imaxes. | | | | | | | | | |
| Observa e identifica as características dos animais vertebrados. | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e clasifica as plantas. | | | | | | | | | |
| Utiliza diversas fontes de forma dirixida, para observar e identificar as plantas. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Asocia diferentes plantas e animais coa contorna en que viven. | | | | | | | | | |
| Relaciona e describe os cambios das plantas coas estacións do ano. | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e describe algúns patróns de relación entre os seres humanos, as plantas e os animais. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Formula hipóteses e infere aspectos relevantes das características dos animais e das plantas. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Identifica e practica hábitos adecuados de coidado e respecto cara os animais e as plantas. | | | | | | | | | |
| Interésase pola observación e o estudo da contorna natural. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e describe algúns dos materiais. | | | | | | | | | |
| Observa, identifica, analiza e escribe as diferenzas entre algunhas das propiedades elementais dos materiais. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Clasifica materiais segundo a súa orixe (animal, vexetal ou mineral). | | | | | | | | | |
| Observa, identifica e analiza algúns elementos do medio físico e dos seus recursos (luz solar, aire, auga, terra, vexetación), valorando a importancia das medidas de protección e do coidado do medio ambiente. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Relaciona as características dos materiais dun obxecto co seu uso. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Mostra interese por observar e comprender os procesos de cambio na natureza. | | | | | | | | | |
| Mostra interese pola reciclaxe e a reutilización de obxectos e adopta medidas de uso responsable da auga. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA. OBXECTOS E MÁQUINAS

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Recoñece e nomea diferentes oficios da súa contorna próxima. | | | | | | | | | |
| Clasifica máquinas atendendo ao seu modo de funcionamento. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Identifica os compoñentes básicos dun ordenador e fai un uso adecuado deles. | | | | | | | | | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Analiza máquinas antigas e modernas. Establece diferenzas e comprende os beneficios que achegan os avances tecnolóxicos. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Valora os beneficios que achegan as máquinas de uso diario. | | | | | | | | | |

## CIENCIAS SOCIAIS. BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Describe elementos e fenómenos relacionados coas Ciencias Sociais con orde e claridade. | | | | | | | | | |
| Explica coas súas propias palabras os procesos de observación e descrición que segue. | | | | | | | | | |
| Amplía o seu vocabulario e utilízao con progresivo rigor. | | | | | | | | | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Comprende e interpreta informacións que obtén de diferentes soportes: textos, imaxes, gráficos, táboas… | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Expresa oralmente a información apoiándose en gráficos e textos. | | | | | | | | | |
| Comprende a importancia do traballo ben presentado. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Establece relacións entre as súas aprendizaxes novas e a súa experiencia previa e expresa esas relacións achegando progresivamente máis datos. | | | | | | | | | |
| Formula hipóteses sobre as súas observacións. | | | | | | | | | |
| Fai deducións e xeralizacións a partir das súas observacións. | | | | | | | | | |
| Reelabora informacións para trasladar datos que obtivo en gráficos a textos e viceversa. | | | | | | | | | |

## CIENCIAS SOCIAIS, BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS (CONTINUACIÓN)

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Esfórzase por presentar os seus traballos limpos e ordenados. | | | | | | | | | |
| Toma iniciativas e manifesta progresiva autonomía nas súas tarefas. | | | | | | | | | |
| Participa en actividades do grupo e móstrase cortés e integrado. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Móstrase flexible e dialogante nas súas relacións en diferentes ámbitos. | | | | | | | | | |
| Manifesta responsabilidade nas súas tarefas individuais e nos contextos cooperativos. | | | | | | | | | |

### BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Observa e describe elementos da súa contorna inmediata utilizando un vocabulario adecuado e seguindo unhas pautas e uns guións pechados. | | | | | | | | | |
| Observa e describe imaxes, táboas, gráficos, etc., utilizando vocabulario adecuado e seguindo unhas pautas e uns guións pechados. | | | | | | | | | |
| Observa e describe paisaxes de chaira e de montaña. | | | | | | | | | |
| Recoñece fenómenos naturais da súa contorna e describe as súas características e as súas consecuencias. | | | | | | | | | |
| Recoñece e identifica as características e os usos da auga. | | | | | | | | | |
| Identifica as características do curso dun río na chaira. | | | | | | | | | |
| Diferencia as estacións do ano. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (choiva, neve, trono, raio, etc.) que se producen na súa contorna máis próxima. | | ■ | | | | ■ | | ■ | |
| Observa algúns fenómenos atmosféricos e realiza as súas primeiras formas de representación. | | ■ | | | | ■ | | ■ | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Compara elementos da contorna e expresa semellanzas e diferenzas entre eles. | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| Interpreta e elabora representacións gráficas de fenómenos, situacións e elementos da súa contorna. | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| Comprende de forma intuitiva a utilidade de aparellos como o termómetro. | | | | | | | ■ | ■ | ■ |
| Discrimina as partes do día e describe oralmente o que fai en cada unha delas. | | ■ | | | | | | | |
| Observa algúns elementos e fenómenos naturais como o día e a noite e explica oralmente por que se producen. | | ■ | | | ■ | | | | |
| Identifica a relación entre os estados da auga e a temperatura. | | | | ■ | ■ | ■ | | | |
| Comprende a necesidade de obter da contorna os elementos necesarios para a subsistencia. | | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| Diferenza entre elementos naturais e os que construíu o home na súa | | | | | | | ■ | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| contorna próxima e descríbeos oralmente. | | | | | | | | | |
| Identifica algunhas das actuacións humanas máis visibles na súa contorna (edificios, coches, parques, etc.) e describe como modificaron o medio natural. | | | | | | | | | |
| Comprende de forma intuitiva a representación do espazo por medio de mapas. | | | | | | | | | |
| Compara mapas e fotografías e comprende a información que lle proporciona cada modelo. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA (CONTINUACIÓN)

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Relaciona as actuacións das persoas coa conservación e o coidado do medio natural. | | | | | | | | | |
| Comprende a relación entre a auga e o aire non contaminados coa vida natural no noso planeta. | | | | | | | | | |
| Relaciona as diferentes formas da auga na natureza. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Manifesta interese por coñecer e comprender as características dos | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| elementos da contorna. | | | | | | | | | |
| Mostra actitudes de respecto e coidado da contorna. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMERCURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Describe a súa contorna próxima de relación, os lugares nos que se desenvolven as súas actividades, os elementos característicos de cada un deles e as persoas coas que interactúa. | | | | | | | | | |
| Coñece as normas de convivencia e as regras establecidas na familia e na clase. | | | | | | | | | |
| Identifica e explica diferentes profesións. | | | | | | | | | |
| Recoñece e nomea diferentes elementos que compoñen a rúa. | | | | | | | | | |
| Coñece e respecta normas básicas de seguridade viaria. | | | | | | | | | |
| Clasifica os distintos medios de transporte que existen e diferencia os medios de transporte de persoas e mercadorías. | | | | | | | | | |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Comprende a importancia de cumprir as normas de convivencia en | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| diferentes ámbitos de relación. | | | | | | | | | |
| Comprende que as persoas teñen dereitos e deberes nos diferentes ámbitos de relación aos que pertencen. | | | | | | | | | |
| Reconoce e describe características principais das aldeas, as vilas e as cidades. | | | | | | | | | |
| Establece comparacións entre diferentes tipos de vivendas. | | | | | | | | | |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| É consciente das situacións de conflito e expresa posibles vías de solución. | | | | | | | | | |
| Relaciona diferentes ferramentas coas súas profesións. | | | | | | | | | |
| Relaciona as normas de convivencia con diferentes situacións nos ámbitos de relación nos que se desenvolve. | | | | | | | | | |
| Relaciona situacións da súa vida cotiá co benestar persoal. | | | | | | | | | |

## BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE (CONTINUACIÓN)

| NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMERCURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES) | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Valora a importancia de pertencer a diferentes grupos de relación e o que eses grupos achegan. | | | | | | | | | |
| Participa activamente nas actividades do grupo en diferentes contextos. | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Móstrase cortés e atento nas súas relacións; entende que alguén pode necesitar axuda e préstalla, e solicítaa cando a necesita. | | | | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| Mostra interese por coñecer costumes diferentes ás propias. | | | | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |

## BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

| **NIVEIS DE REFERENCIA DE PRIMERCURSO DE PRIMARIA (CONDUTAS OBSERVABLES)** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBSERVAR E DESCRIBIR** | | | | | | | | | |
| Describe o paso do tempo na súa contorna natural e social. | | ■ | ■ | | | | | | ■ |
| Recoñece o pasado a través de restos históricos na contorna próxima. | | | | | | | | | ■ |
| Identifica características que indican o paso do tempo. | | ■ | | | | | | | ■ |
| **COMPRENDER E COMPARAR** | | | | | | | | | |
| Reconstrúe situacións da súa historia familiar oralmente. | | | ■ | | | | | | |
| Comprende a organización do calendario e busca datas nel a partir de premisas diferentes. | | | | | | | | ■ | ■ |
| **RELACIONAR** | | | | | | | | | |
| Establece relacións temporais entre acontecementos, situacións, imaxes… | | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| Relaciona obxectos e actividades das persoas en diferentes épocas. | | | | | | | | | ■ |
| Extrae información sobre feitos | | | | | | | | | ■ |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| pasados de textos e imaxes. | | | | | | | | | |
| **ACTITUDE** | | | | | | | | | |
| Mostra interese por coñecer a historia da súa familia, a súa localidade e de lugares máis afastados da súa contorna. | | | | | | | | | |
| Valora a importancia de estudar os restos do pasado para profundar no coñecemento da historia. | | | | | | | | | |

## 11. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Os resultados da avaliación expresaranse numericamente: 0 – 4 (Insuficiente), 5 (Suficiente), 6 (Ben),7 - 8 (Notable) e 9 – 10 (Sobresaínte); considerando como cualificación negativa o 0 – 4( Insuficiente ) e como positivas todas as demais.

O 0 - 4 (Insuficiente) corresponde a aquela situación na que se consideran non alcanzados os contidos mínimos e non superados os criterios mínimos de avaliación;

polo tanto non se avanzou no desenvolvemento das competencias básicas o axeitado ao período avaliado.

O 5 (Suficiente) aplícase naquela situación na que aínda que o alumno alcanza os contidos mínimos e supera os criterios mínimos de avaliación considérase que o

fixo de forma tal que é necesario un traballo máis intenso de cara ao desenvolvemento adecuado das competencias básicas.

O termo 6 (Ben) corresponde a aqueles alumnos que adquiriron de forma axeitada os contidos mínimos, superados os criterios mínimos de avaliación e alcanzado o

desenvolvemento formulado nas competencias básicas.

O 7 – 8 (Notable) corresponde á situacións na que se afondou en contidos e se alcanzou un desenvolvemento notable, con respecto ao establecido, nas

competencias básicas.

O 9 - 10 (Sobresaínte) aplícase a aquelas situacións nas que o alumno ademais de adquirir os contidos mínimos afondou e ampliou nestes de forma que o desenvolvemento das competencias básicas se sitúa moi por enriba do establecido para o período ao que se fai referencia.

Na nota terase en conta, contidos actitudinais como o esforzo, o interese, remate das tarefas, traballo persoal con orde e limpeza...

| Criterios de cualificación | |
|---|---|
| **Traballo de aula 60%** | Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.<br>Destrezas.<br>Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. |
| **Probas escritas 10%** | |
| **Actitude cara o traballo 20%** | Rendemento na aula execución das tarefas propostas<br>Aproveitamento dos tempos dispoñibles<br>Presentación de tarefas/traballos nos tempos indicados<br>Coidado da orde e dos materiais persoais e colectivos |
| **Actitude 10%** | Respecto polos iguais e polo profesorado<br>Colaboración nos traballos cooperativos<br>Respecto polas normas da aula e do centro<br>Interese e esforzo por mellorar as súas producións |

Para a promoción de curso ademais da aplicación dos criterios mínimos de avaliación das técnicas instrumentais, teranse en conta a madurez do alumnado, a actitude e o esforzo para continuar o seu proceso de aprendizaxe no seguinte curso; así como a conveniencia ou non da separación do grupo no que se atopa coas repercusións que esta medida poida ocasionar segundo as características de cada alumno.

## 12. MÍNIMOS ESIXIBLES

Nas áreas de ***Lingua Galega e Literatura*** e ***Lingua Castelá e Literatura***, os mínimos esixibles para superar a materia son os seguintes.

1. Comprende o sentido de pequenos textos escoitados en voz alta, conversa, diálogoou audio.
2. Comprende o contido de textos sinxelos mediante a lectura comprensiva en voz altaou silenciosa.
3. Expresa oral e correctamente feitos, vivencias, sentimentos,...

4. Expresa por escrito de forma correcta situacións adaptadas ao seu nivel.
5. Utiliza correctamente a ortografía natural e maiúsculas.

Na área de ***Matemáticas***, os mínimos esixibles para superar a materia son os seguintes.

1. Identifica os números naturais traballados.
2. Realiza sumas e restas sinxelas.
3. Coñece e utiliza as unidades de medida temporales: día, semana e ano,
4. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares

Na área de ***Ciencias Naturais***, os mínimos esixibles para superar a materia son os seguintes:

1. Recoñece e distingue os seus sentimentos e emocións e a dos demais.
2. Coñece as diferentes partes do corpo.
3. Distingue os seres vivos dos obxectos inertes.
4. Identifica os alimentos saudábles dos que non son.

Na área de ***Ciencias Sociais***, os mínimos esixibles para superar a materia son os seguintes:

1. Recoñece os distintos tipos de casas.
2. Coñece a súa localidade.
3. Identifica as profesións.
4. Sabe os hábitos positivos da vida cotiá.

## 13. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada favorecerá un enfoque competencial.

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a trasversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias. Ademais potenciarase a realización de tarefas ou situacións- problema as cales o alumnado debe resolver facendo uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, lingüísticos, destrezas actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención a diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que se intentará xerar no alumnado a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

## 14. ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E /OU A DISTANCIA

Ante a situación extraordinaria que se está a vivir dentro da sociedade e entendendo a educación como unha parte fundamental da mesma, contémplanse escenarios varios para a ensinanza.

Por unha banda, en canto á ensinanza presencial, obviamente haberá cambios importantes no día a día e na convivencia na aula, así como adaptacións metodolóxicas propiciadas polas medidas hixiénicas, tal e como se recolle no ***Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19.***

Por outra banda, en relación á ensinanza a distancia, que é a que máis dúbidas xera, sobre todo cando falamos de ensinanza primaria, prevese o seguinte o seguimento e atención ao grupo, detectando as dificultades individuais así como a presentación, reforzo e exposición de contidos a través da Aula Virtual do centro creada para tal efecto. De maneira máis pormenorizada, as actuacións que se levarán a cabo no caso de que sexa necesaria a educación a distancia están recollidas no ***Plan de Continxencia do centro.***

Para o caso de que chegado o momento se produzan peches selectivos de grupos ou alumnado en concreto, contémplase a ensinanza semipresencial, para a cal combinarase a ensinanza tradicional na aula coa contemplada a distancia no punto anterior.

Tal e como se describe no punto anterior, contémplase a posibilidade de almacenaxe do material, actividades e recursos que se empregarían a diario, empregando para elo a Aula Virtual, de xeito que todo o alumnado que nun momento dado se vexa perxudicado pola non asistencia á aula poda dispoñer igualmente dos contidos da materia de forma telemática.

Os criterios de cualificación para a ensinanza a distancia, ao non ser posible dispoñer de todas as ferramentas adecuadas para unha avaliación íntegra, centraranse no desenvolvemento das destrezas básicas relacionadas co traballado.

Valorarase a entrega dentro dos prazos establecidos así como o seu rigor, orde e adecuación ao demandado.

## 15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Adoptaránse todas aquelas medidas que favorezan o desenvolvemento do alumnado e a súa integración sempre en coordinación co Departamento de Orientación do Centro e a especialista de A.L..

Para aqueles alumnos con problemas na súa aprendizaxe formularemos as actividades de reforzo de xeito individualizado, partindo dos seus coñecementos previos e respectando o ritmo de cada un. Elaboraranse fichas de reforzo e/ou ampliación para o alumnado que presente dificultades ou que polo seu ritmo de traballo o requiran, facendo fincapé nas técnicas instrumentais ( lectura e escritura).

No que se refire á atención ao alumnado con NEAE, estaremos en contacto permanente co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requeridos e o seguemento da evolución deste alumnado.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Deixarase unha porta aberta á súa participación naquelas que se programen para este curso escolar e que figuran na programación xeral anual. Tamén se terán en conta as ofertas que vaian xurdindo ao longo do curso escolar por se fosen de interese ou estivesen relacionadas coa materia, co proxecto ou cos propios temas transversais, deixando así unha porta aberta á súa posible realización.

## 17. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

O tratamento de fomento da lectura levarase a cabo segundo o previsto no Plan Lector do Centro. O tempo como mínimo dedicado diariamente á lectura será 20 minutos, de xeito individual, empezando con lecturas guiadas para ir pasando pouco a pouco a aquelas elixidas polo alumnado das que se atopan na biblioteca de aula.

Para as prácticas da comprensión lectora, fomento da lectura e da escritura botaremos man de:

- Rincón de grandes lectores, no que se engade unha pegatina por cada libro lido.
- Fichas resumen de cada un dos libros.

## 18. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

Segundo o contemplado no Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e da Comunicación que o centro ten para este curso e considerando a necesidade de que o alumnado acade a competencia dixital que lle permita dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e poder transformala en coñecemento, dende o 1o curso fomentaremos o uso das TIC do seguinte xeito:

- Uso da aula de informática unha vez a semana e sempre que necesitemos buscar algún tipo de información na rede.
- Ordenador de aula, con conexión a Internet para apoio e reforzo das actividades diarias.
- Actividades relacionadas coa familiarización do alumnado coas partes do ordenador.
- Aplicacións informáticas e páxinas web para traballar actividades de lecto-escritura, vocabulario, comprensión...
- Presentación de contidos a través do Libro Media de cada curso xa citado anteriormente.